



ACTA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE ABRIL DE 2012.-

<u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. <u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. D^a M^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS <u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e catorce minutos do día vinte e seis de abril de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
---	---

PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS, CELEBRADAS OS DÍAS 24 DE NOVIEMBRE DE 2011, 18 DE XANEIRO DE 2012. E 8 DE MARZO DE 2012.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestar-la súa aprobación as actas das sesións celebradas os días 24 de novembro de 2011, 18 de xaneiro de 2012 e 8 de marzo de 2012.

PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 24-02-2012.

Polo Sr. Secretario dase conta da Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo de Ferrol de data 24-02-2012, na que se dicta o seguinte FALLO:

“Que desestimando o recurso contencioso administrativo interpuesto por la Procuradora D^a. María Vazquez Méndez, en nombre y representación de D^a María Rosa Prieto Eiroa, contra la Resolución de fecha 31 de agosto de 2010, dictada por el Alcalde de Ares, por la que se desestima el recurso de reposición interpuesto por la demandante contra la Resolución dictada por el Alcalde de Ares de fecha 26 de mayo de 2010, debo declarar y declaro la conformidad a Derecho de los actos administrativos recurridos, que, por tanto, debo confirmar. Sen facer especial pronunciamento respecto das costas causadas.”



O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 16-03-2012.

Polo Sr. Secretario dase conta da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol de data 16-03-2012, na que se dicta o seguinte FALLO:

“ Que estimando parcialmente o recurso contencioso administrativo interpuesto por la Letrada D^a María Veiga Ramos, en nombre y representación de D^a. Asunción González Ansoleaga contra la desestimación presunta, por silencio administrativo, del recurso de reposición interpuesto por la demandante contra la desestimación presunta de la solicitud de indemnización por la exclusión del procedimiento para la selección de auxiliares del servicio municipal de ayuda a domicilio del Ayuntamiento de Ares, formulada en fecha 17 de diciembre de 2010, se reconoce a favor de la recurrente de una indemnización por importe de 7.741,10 euros, y el pago de los correspondientes intereses legales calculados desde la fecha de dicha reclamación y hasta la fecha de su completo pago.”.

Interven o Sr. Alcalde: para aclarar un pouco esta Sentenza, pode o Sr. Secretario lembrar unha sentenza anterior, que tamén afecta a este tema do pago de cantidades.

O Sr. Secretario, manifesta que non a ten aquí, é unha Sentenza do TSXG, que revoca unha do Xulgado Social de Ferrol e creo que temos sobre vinte mil euros de reintegro de dúas persoas.

O Sr. Sixto Galiano, pregunta porque non a ten ahí.

Resposta o Sr. Alcalde, porque veu nun Pleno anterior e a tiña que ter leído.

O Sr. Sixto Galiano, entón porque fai alusións a Sentenza, se non esta no expediente.

Sr. Alcalde fago referencia porque a xente non recibe as notificacións que recibes ti. Ti si que as recibes e tes un voceiro no grupo popular.

O tema é o seguinte, veu unha sentenza anterior, que efectivamente o público non ten porque saber nada, e ademais efectivamente referíndose o Sr. Cendán, ti non interviñeches nela. As que gana o Concello ti non intervés, ti nada máis que interves nas que perde. Entón como o público non coñece esa sentenza, pero vos si xa que as notifican, van no documento Plenario, quero loxicamente que se aclare sen dúbida algunha esa Sentenza, hai unha debida pendente de 20.000 euros, e agora temos que pagar 7000 euros, bueno pois efectivamente non é como ti dis, pero podes interpretalo como vexas.



Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, bueno pois ceñíndonos á Sentenza, esto procede do ano 2007 dunha convocatoria pública que habíamos feitos nos, cando estábamos gobernando, na cal se convocaban nunha oferta de emprego a 10 persoas para contratar. Bueno pois no cambio os quince días de deixar eu a Alcaldía, fan a selección corresponde ó novo Alcalde e se seleccionan a 10 persoas, e desas 10 persoas se mete a unha persoa que ven ahí na Sentenza, persoa que ía na lista do Partido Socialista, sen puntuación, sen experiencia e sen titulación. Entón esta persoa denuncia o caso, ela tiña experiencia, e titulación, e se lle da a razón no primeiro Contencioso-Administrativo. Eu un día lle preguntei o Sr. Secretario, e me dixo que gañou o xuízo, e que non ten dereito a reclamar nada. Que cousa máis rara, se gaña un xuízo e non ter dereito a reclamar nada, pero é que o grave da situación antes de pasar ó segundo punto, é que hai unha vacante, se fai a selección do persoal, quedan 10 titulares e 3 suplentes, hai unha vacante e desas tres suplentes, e o haber a vacante non se tira das tres suplentes, se mete a unha persoa que non se presentou o exame, a unha persoa que non tiña titulación e claro e se poido arranchar esto.

O Sr. Alcalde, pregunta ¿onde pon eso a Sentenza Manuel?, tes que falar da Sentenza.

Sr. Manuel Cendán: estou falando do que pasou, eso se pudo amañar cando houbo unha vacante, e xa non había reclamación, bueno pois eu lle preguntei o Sr. Secretario, e este me dixo que non tiña dereito a nada, o final foi o Sindicato e o Sindicato lle dixo que si, e o final ben esta situación, pero o máis indignante o que acabas que dicir ti, das Sentenzas anteriores, dicir o descoñecemento por parte dos técnicos municipais, da Asesoría Xurídica do Concello, que non se saben facer as cousas, e me vou os 20.000 euros que di o Sr. Alcalde que hai que devolver, eso non é verdade, e eso é un descoñecemento total e absoluto da Lei, e a min me extraña en ti por que te fías, porque ti eres un profesional deso, nos deixamos levar por xente que non está preparada e cometer estes erros, e a primeira Sentenza onde hai que devolver o diñeiro, te vou a leer o fallo, que o teña aquí, entón que desde o Concello se fixeron mal as cousas, dando lectura a sentenza “Que estimando parcialmente a demanda interposta por Asunción González Ansoleaga, e Dona Noelia Vilar Martínez, contra o Concello de Ares, e a Empresa de Servicios Sociais Virxe do Carme, debo declarar e declaro a improcedencia do despido efectuado, e condeno o Concello de Ares a que....

O Sr. Alcalde: Pero ti estas lendo a de primeira instancia, ti lees o que te convén, lee a da Audiencia que é a firme,.

O Sr. Manuel Cendán: O explico, que se readmita as traballadores despedidas nas mesmas condicións que rexían antes do despido, como traballadoras por tempo indefinido, e non fixo de plantilla, ou se lle abone unha indemnización de 1111,50 euros a cada unha, entendéndose que se non opta no prazo de cinco días procederá a readmisión e en todo caso a que se lles abonen os salarios deixados de percibir a razón de 24,7 euros diarios. Quero dicir que tendo o coñecemento e así se fai cando é un despido improcedente, este diñeiro que o xuíz di que hai que pagar é dun despido improcedente, polo pago de 1111,50 euros, isto se chama salarios de



tramitación, e entón para que non correrán os salarios de tramitación, había que ingresar no Xulgado eso o sabe calquer Asesor Xurídico, calquer Asesoría, ou calquer abogado laboralista, que tes que depositar os 1111 euros, na conta do Xulgado e non corren os salarios de tramitación, e aquí non se sabe o que é un salario de tramitación, que eso é o escandaloso, é que aquí hai unha Asesoría Xurídica que se paga por fora, que hai un Secretario-Interventor, e non se sabe o que é un salario de tramitación, se se pagaran os 1100 euros non había este problema, non había que pagar os 20.000 euros. E eso non é certo, esa xente con ese diñeiro, que lle pagou o Concello o tivo que ingresar no INEM, e o Concello non vai a percibir nada dese diñeiro, aínda que gañou a sentenza, o que tiveron dereito elas foi os salarios de tramitación, porque o Concello non fixo ben as cousas, e tiña cinco días para amañalo, e a abogada do Concello non fixo o que tiña que facer, que marca a Lei, que é ingresar os 1100 euros, na conta do xulgado, e non pasaba nada, e por facer eso mal, tiveron dereito a esos 20.000 euros, pero que o Concello vai a recuperar ese diñeiro, non, porque son salarios de tramitación, e por non facer ben as cousas correron os salarios de tramitación, esa é a situación, e non viñamos aquí por culpa dunha negligencia dos técnicos encargados do tema, paga o Concello, e que non se diga aquí que vamos a recuperar o diñeiro, non porque eso é un dereito que teñen, e non veña aquí que lles vamos a facer a conta na man.

O Sr. Alcalde, vamos a rematar, que ti sabes que en dar conta, non deixabas intervir,.

Sr. Manuel Cendán, me diches ti a palabra, e eu sei que eso ti o tes que saber, pero o mellor por confiar en persoas que non están preparadas se cometen estes erros.

Sr. Alcalde: mira gañaron tantas sentenzas, que como ves están reincorporadas o seu posto de traballo, e dicir gañaron tanto que de feito hoxe en día están traballando no Concello, o feito de non estén traballando no concello, pon de manifestó que efectivamente non gañaron, en consecuencia, unha cousa é que determinados traballadores se o consideran oportuno poden facer oposición política non ámbito laboral. Esta claro que había unhas dinámicas que contigo se respetaron, e coa nova Corporación non, había unhas dinámicas extrañas, nas que as que traballaban un ano no seguinte non entraban, e resulta que dando entro eu no Concello as que traballaron un ano queren seguir traballando, ese é o problema, e dicir efectivamente o que valía contigo logo non valía conmigo, entón efectivamente cando eu me planto, e digo macho, o que valía antes ten que valer agora, a vosoutas agora os toca iros, e teñen que entrar as seguintes, como facían contigo, e me dicen que non que son fixas de empresa, e efectivamente aí empezamos un conflito laboral, neste conflito laboral hai altas e baixas, e dicir nun primeiro momento en primeira instancia se estimá que é un despedido improcedente, con o que obrigan o Concello a pagar os Salarios de Tramitación, na segunda instancia e de maneira definitiva a Audiencia, non é un despedido improcedente, é unha finalización de relación laboral por fin de contrato, con o que pagamos nos como salarios de tramitación está mal pagado, e nolo teñen que devolver. Sabes do que depende a devolución do de sempre, as débedas so se poden pagar cando son esixibles, e so esixibles cando están



liquidadas, e sabes quen liquida as debidas xudiciais, o Sr. Xuiz, entónces falla liquidala nos falla unha Sentenza que diga exactamente a contía que efectivamente hai que devolver, que pasar que temos a Sentenza firme, e falla o que falla moitas veces non ámbito xudicial, a execución de Sentenza, porque se non hai un cumprimento voluntario por parte das partes, hai que instar a execución, e nesa execución dirán a contía e volverá aquí e veremos que parte dos 20.000 realmente hai que reintegrar, porque primeiro o ten que dicir un xuiz, agora a batalla definitiva era que unha serie de persoas querían ser inxustamente persoal laboral fixo, en detrimento das súas compañeiras, e sabes que, que non o conseguiron, e por culpa deso houbo que externalizar o servizo, porque tiñamos tanto lios, tantos lios morrocotudos, efectivamente, inspectores de traballo cada dous por tres, que si as cousas non sei que, que si as cousas non sei canto, e efectivamente resolvimos externalizar, porque efectivamente tal e como se estaban levando as cousas do Concello, que por certo era igual a como as levabas ti, pero cando cheguei eu non o quixeron respetar, quixeron facerse fixas de empresa, e como ves non son fixas de empresa.

O Sr. Manuel Cendán: esa reclamación xa ma fixeron a mín, eu estaba de acordo e seguin co procedemento que viñamos facendo daquela, e o dixeran cando o quiseches externalizar, seguir co procedemento, a mín me viñeron con esa reclamación co mesmo tema, e saber porque, porque en Mugardos as fixeron fixas, esa reclamación xa me fixeron a mín, e quero dicir que non foi a primeira reclamación que me fixeron a mín, no Plan Labora, que o iniciamos nos, nos levaron o xulgado, e gañaron en primeira instancia e perderon ala, e tes que aguantar que lle vamos a facer, e nos levaron o xulgado, e gañaron en primeira instancia e perderon despois.

Sr. Alcalde: Manuel pretendían ser persoal laboral fixo.

Sr. Manuel Cendán: Teñen sindicatos e lles din que reclamen, tiñan un salario e nos reclamaban un salario como os traballadores fixos de plantilla. Pero aquí o tema que nos ciñe, é que se fixo a selección, se meteu unha persoa daquela maneira, se poido rectificar cando houbo unha baixa e non se fixo,.

O SR. Alcalde: Porque había unha situación, que as que estiveron un ano non entraban no seguinte, e ti o sabes, e esta muller se empeñou en volver a entrar.

Sr. Manuel Cendán: Haber Julio, eran todas, o que pasa que unhas deron a cara e outras non, porque esa reclamación veu a mín. Cando fixen a convocatoria desas prazas viñeron a min, que querían ser fixas, que teñen dereito, que foran o Sindicato, e andaban revolvendo ahí, e duas ou tres deron a cara e as outras non por medo. Porque son contratos e quere traballar. Pero todas viñeron a falar connigo que queren ser fixas, e aun falamos de que había dúas opción, que era externalizar o servizo ou facer a metade, pero esa reclamación estaba encima, o que pasa que se fixeron mal as cousas.



Sr. Alcalde, non se fixeron mal, as ves de persoal laboral fixo, pois entón non se fixeron mal. Non foi despido, foi fin da relación contractual.

Sr. Manuel Cendán: O que quero dicir eu é que se a persoa que levou o caso, mete os 1100 euros na conta do xulgado, non da lugar os salarios de tramitación.

Sr. Alcalde: Pero por favor, o que pedía e o tes na Sentenza era a responsabilidade patrimonial da Administración, e a desestiman, e unha indemnización de danos,.

Sr. Manuel Cendán: Haber Julio mezclaches duas cousas, ti estas falando, esta sentenza e unha cousa, e a sentenza que falaches que teñen que devolver o diñeiro e outra, non é esta mesma.

Pide a palabra o Sr. Secretario para matizar: Cando o contrato eu che dixen Manuel non teñen dereito, porque a Sentencia di, “perdeu a súa expectativa a ser contratada” a expectativa non é indemnizable, di a Lei 30 sobre responsabilidade, -serán indemnizables os danos, evaluables- e dicir efectivo non é unha expectativa, pasou en As Pontes un tema similar que se gañou. Que pasa que cambio o Maxistrado e adoptou outro punto de vista.

O Sr. Alcalde: Antes de recaer a Sentenza, Manuel lle fixo unha pregunta, sobre efectivamente si tería algún dereito, e el estimou que non, agora ben un xuíz e di que si, entón eu non creo que efectivamente sexa nada raro.

O Secretario, manifesta que viveu un caso similar noutro Concello onde a Sentenza foi contraria.

O Sr. Sixto Galiano, manifesta que eso non senta Xurisprudencia.

O SR. Alcalde: a Xurisprudencia, a crea o Tribunal Supremo, e como non é Xurisprudencia, pódense dar Sentenzas contradictorias, ata que o Tribunal Supremo case a doutrina, entón el tiña a opinión que leeu en outras Sentenzas, por certo, en resposta a unha pregunta do teu voceiro, non porque el quixera meterse nesto.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE O EXERCICIO 2011.-

Dase conta do Informe de Secretaría de data 30 de marzo de 2011, do seguinte teor literal:

**INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN LIQUIDACIÓN
ORZAMENTO 2011**



En cumprimento da petición da Alcaldía, na que se solicitou informe desta Intervención en relación coa aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio económico 2011, e de conformidade co previsto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 e de conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, emítese o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. De conformidade eos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigacións o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

_ Asentidades Locáis deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 163, 191, 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locáis, en materia de orzamentos.

— Os artigos 3.1 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

— Os artigos 4.1, 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, pol que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembr de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locáis.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura do Orzamentos das Entidades Locáis.

— A Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinador financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locáis, pola que se ditar medidas



para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola quí se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locáis.

— A Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

TERCEIRO. Aplicarase cada unha das Instrucións de Contabilidade dependendc de en qué situación se atope cada Concello:

a) O modelo normal aplicarase nos municipios cun orzamento que exceda *de* 3.000.000 de euros, en aqueles municipios cun orzamento que non supere este importe pero si supere os 300.000 euros e a súa poboacion sexa superior aos 5.000 habitantes, e ñas demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 de euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais enumeradas anteriormente.

b) O modelo simplificado aplicarase aos municipios cun orzamento que non exceda de 300.000 euros, a aqueles que superen o importe pero non excedan de 3.000.000 de euros e a súa poboacion non supere os 5.000 habitantes, así como as demais entidades locais sempre que o seu orzamento non exceda de 3.000.000 de euros.

Tamén será aplicable aos organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas no parágrafo anterior.

CUARTO. A liquidación do Orzamento ponará de manifestó:

A) Respecto ao Orzamento de gastos e como mínimo a nivel de capítulo:

— Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.

— Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.

As obrigacións recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.

— Os pagos realizados, son indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigacións recoñecidas netas.

— As obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro de 2011.



— Os remanentes de crédito.

B) Respecto ao Orzamento de ingresos e como mínimo a nivel de capítulo:

— As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.

— Os dereitos recoñecidos.

— Os dereitos anulados.

— Os dereitos cancelados.

— Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.

— A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.

— Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2011.

— A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.

A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

O estado da liquidación do Orzamento estará composto por:

— Liquidación do Orzamento de Gastos.

— Liquidación do Orzamento de Ingresos.

— Resultado Orzamentario.

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

QUINTO. Como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse:

— Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

— O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

— Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de



abril).

— Os remanentes de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, d< 20 de abril).

SÉXTO. En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que a: Entidades Locais deberán axustar os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido este como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordó coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigos 3.1 *in fine* e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria).

A este respecto a Intervención Local elevará ao Pleno un Informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O sinalado informe sobre o Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria inclúise no expediente.

SÉTIMO. O procedemento a seguir será o seguinte:

A. Corresponde ao Presidente da Entidade Local, previo informe de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e do Informe de Intervención, a aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local e das liquidacións dos Orzamentos dos Organismos Autónomos déla dependentes (artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

B. Da liquidación de cada un dos Orzamentos, unha vez efectuada a aprobación, darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre.



C. Aprobada a liquidación deberase remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

OITAVO. Examinada a liquidación do Orzamento municipal único de ; comprobouse que as súas cifras arrojan a información esixida polo artigo 93.1 do Decreto 500/1990, de 20 de abril, co seguinte resultado:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

— Créditos iniciais:	4.894.376,78 euros.
— Modificacións de créditos:	1.543.580,07 euros.
— Créditos definitivos:	6.437.956,85 euros.
— Obrigacións recoñecidas netas:	5.231.590,16 euros
— Pagos recoñecidos netos:	3.713.500,70 euros.
— Remanentes de crédito comprometidos:	222.253,16 euros.
— Remanentes de crédito non comprometidos:	984.119,53 euros.
— Remanentes de crédito totais:	1.206.372,69 euros.

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

-Previsions iniciais:	5.037.450.13 euros.
-Modificación das previsions.	1.543.580.07 euros.
-Previsións definitivas.	6.581.030,20 euros.
-Dereitos recoñecidos.	5.390.239,40 euros.
Dereitos anulados.	27.356,56 euros.
Dereitos cancelados.	0,00 euros.
Dereitos recoñecidos netos.	5.362.882,84 euros.



RESULTADO ORZAMENTARIO

dereitos recoñecidos netos: 5.362.882,84
euros.

Obrigacións recoñecidas netas: 5.231.590,16
euros.

TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO: + 131.292,68
euros.

NOVENO. Do resultado orzamentario.

Os artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, e a regra 78 da Orde EHA/4041/20 de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Le definen, a nivel normativo,, o resultado orzamentario, ao disponer que vira determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados e as obrigacións orzamentarias recoñecidas en dito período, tomando para o seu cálculo os seus valores netos, é dicir, deducidas as anulacións que nunhas ou outros producíronse durante o exercicio, sen prexuízo dos axustes que deban realizarse.

DÉCIMO. Sobre o Resultado Orzamentario realizaranse os axustes necesarios, en aumento polo importe das obrigacións recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, e en aumento polo importe das desviacións de financiamento negativas e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas, para obter así o Resultado Orzamentario Axustado.

No momento de liquidar o Orzamento calcularanse as desviacións de financiamento producidas en cada un dos proxectos de gastos con financiamento afectada, desviacións que se produciron como consecuencia dos desequilibrios orixinados polo desfase ou desacompasamento entre o financiamento recibido e o que debería haberse recibido en función do gasto realizado.

A. Gastos realizados no exercicio económico de 2011 financiados con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Son aqueles gastos realizados no exercicio 2011 como consecuencia de modificacións orzamentarias financiadas con remanente de Tesourería para gastos xerais.



Estes gastos realizados (obligacións recoñecidas), que foron financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais, se tiveron en conta para o cálculo do resultado orzamentario do exercicio, aumentando o mesmo.

B. Determinación de desviacións positivas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado de 2011, imputables ao exercicio orzamentario, e que diminuirán o resultado orzamentario.

A desviación é positiva cando os ingresos producidos (dereitos recoñecidos) son superiores aos que correspondesen ao gasto efectivamente realizado (obligacións recoñecidas).

Tal situación xera un superávit ficticio, que haberá de diminuírse, axustando o resultado orzamentario polo mesmo montante que supoña tal superávit.

- Obrigacións pendentes de pago do orzamento corrente.
- Obrigacións pendentes de pago de orzamentos pechados.
- Obrigacións pendentes de pago correspondentes a contas de acredores que non sexan orzamentarios.

C. Fondos líquidos a 31/12/2011

- Saldos disponibles en caixas de efectivo e contas bancarias.
- Inversións temporais en que se materializasen os excedentes temporais de tesourería que non teñan carácter orzamentario.

DUODÉCIMO. Do remanente disponible para o financiamento de gastos xerais.

Determinase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobro que, en fin de exercicio considérense de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

A. Dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación a 31/12/2011



O importe dos dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible recadación ven dado pola parte da conta de «Provisión para insolvencias» que corresponde a dereitos de carácter orzamentario ou non orzamentario incluídos no cálculo do remanente de tesourería. Será diferente se se trata de créditos sen seguimento individualizado, ou polo contrario téñase un seguimento individualizado.

No caso de que non exista seguimento individualizado, determinarase a provisión mediante estimación global do risco de errados. O saldo desta conta abonarase ao final do exercicio con cargo á conta «Dotación á provisión para insolvencias», e cargarase ao final do exercicio pola dotación realizada ao peche do exercicio precedente, con abono á conta de «Provisión para insolvencias aplicada».

No caso contrario, cando se trate de créditos sobre os que se efectúe un seguimento individualizado, abonarase ao longo do exercicio polo importe dos riscos que se vaian estimando e cargarase a medida que se vaian dando de baixa os saldos de debedores para os que se dotou provisión individualizada ou cando desapareza o risco con abono á conta «Provisión para insolvencias aplicadas».

B. Exceso de financiamento afectado producido a 31/12/2011

Estará constituído pola suma das desviacións de financiamento positivas a fin de exercicio e só poderá tomar valor cero ou positivo.

DÉCIMO TERCEIRO. Do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado.

Nos supostos de gastos con financiamento afectado nos que os dereitos afectados recoñecidos superen ás obrigacións por aqueles financiados, o remanente de tesourería disponible para o financiamento de gastos xerais da entidade deberá minorarse no exceso de financiamento producido (artigo 102 do Real Decreto 500/1990).

Este exceso poderá financiar a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes aos gastos con financiamento afectado a que se imputan e, no seu caso, as obrigacións deudas a causa da renuncia ou imposibilidade de realizar total ou parcialmente o gasto proxectado.



- **Remanentes de tesourería total :** **676.023,42 €.**
- **Remanente de tesourería para gastos xerais : + 140.900,36 e.**

DÉCIMO CUARTO. Á vista do Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, despréndese que a liquidación do Orzamento axústase ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, polo que non deberase elaborar un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvimento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

CONCLUSIÓN

En conclusión ao exposto, o Secretario-Interventor que subscribe emite o informe preciso na Normativa vixente, opina que procede a aprobación da mencionada liquidación do *Orzamento* para o exercicio económico 2011 nos termos seguintes:

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ao exercicio 2011 nos termos nos que esta foi redactada.

SEGUNDO.- Dar conta da citada liquidación de orzamento ao Pleno do Concello na primeira sesión que este celebre e remitir copia da mesma á Comunidade Autónoma e ao Centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

Con todo, a Alcaldía resolverá o que estime procedente."

Seguidamente dase conta da Resolución da Alcaldía-Presidencia núm. 69A-12, de data trinta de marzo de dous mil doce, que seguidamente se transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 69A-12

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención, sobre
avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade



orzamentaria e liquidación orzamento 2010, no uso das atribucións que me confire no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis,

RESOLVO:

1º.- Aproba-la liquidación do presuposto de 2011, que ofrece o seguinte resultado presupostario:

a) Operacións correntes

Dereitos recoñecidos netos	4.69
3.108,73€	
Obrigacións recoñecidas netas	4.26
7.328,756	

b) Operacións correntes non financeiras

Dereitos recoñecidos netos	50
1.790,676	
Obrigacións recoñecidas netas	76
1.288,296	

1. Total operacións non financeiras (a+b)

Dereitos recoñecidos netos	5.19
4.899,406	
Obrigacións recoñecidas netas	5.02
8.617,046	

2. Activos financeiros

Dereitos recoñecidos netos	0,00
----------------------------	------

3. Pasivos financeiros



Dereitos recoñecidos netos	16
7.983,446	
Obrigacións recoñecidas netas	20
2.973,126	
CÁLCULO RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO	
Dereitos recoñecidos netos	5.36
2.882,846	
Obrigacións recoñecidas netas	5.23
1.590,16€	
RESULTADO PRESUPOSTARIO	13
1.292,686	
AXUSTES:	
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais	0,006
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio 244.439,656	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio 145.260,426	
9.179,236	9
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	230.471,916

2º.- Enviar os datos da liquidación do presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de conformidade có disposto no artigo 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locáis.

3º.- Dar conta ó Pleno.

O manda e firma o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a trinta de marzo de dous mil doce.”

PUNTO NÚM. 5.- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL: CUMPRIMENTO LEI 15/2010.



En cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dase conta dos listados pagos realizados e pendentes correspondentes os 4 trimestres do ano 2011.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 6.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO REGULAMENTO DE USOS DAS PISTAS DE PADEL.

Toma a palabra o SR. Alcalde: Nos espazos deportivos de Pedrós, temos unha serie de instalación que hai que regular, loxicamente o seu uso, e en consecuencia o que se propón aquí hoxe ó Pleno, é a proposta de Ordenanza, e a proposta de Regulamento, na proposta de Ordenanza, loxicamente regulanse as taxas pola Escola Deportiva Municipal de Padel, e polo uso das Pistas fora da Escola, e na proposta do Regulamento, loxicamente se regulan os tramos horarios, da Escola Municipal de Padel, e os tramos libres para alugar para a xente que queira loxicamente pois disfrutar da pista fora da Escola Municipal.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, simplemente preguntar se van ter acceso os vestiarios e as duchas.

Sometido a votación o Regulamento de usos das Pistas de Padel, que figura transcrito como Anexo o presente acordo: O Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PROPOSTA DE REGULAMENTO DA

**ZONA DEPORTIVA DE
PEDROS: (pistas de pádel
exteriores sen cuberta)**

USO: Práctica de pádel.

- **Nº USUARI@S POR PISTA E FRACCIÓN DE TEMPO: 4.**
- **IDADES USUARI@S:** Para alugar as instalacións deberán ser maiores de 16 anos. Permitirase a utilización (non o alugueiro) de menores de 16 anos sempre e cando haxa alómenos un maior de idade na pista con eles durante o tempo de alugueiro.
- **FRACCIÓN DE TEMPO DE ALUGUER: 1 HORA E MEDIA.**
- **HORARIOS DE USO**



	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
9-10,30	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer
10,30-12	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer
12-13,30	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer
13,30-15	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer
15-16,30	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer
16,30-18	CLASES PISTAI	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer	CLASES PISTAI	aluguer	aluguer
18-19,30	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer
19,30-21	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer
21-22,30	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer	aluguer

- **POSIBILIDADE DE LUZ:** MEDIANTE FICHAS CUNHA DURACIÓN DE MEDIA HORA CADA FICHA.

- **PROCEDIMENTO DE ALUGUEIRO:**

1. Solicitude de pista nas oficinas do Servizo deportivo , no Pavillón deportivo municipal, aberto de luns a venres de 9 a 13,30 e de 16 a 22 horas. Os sábados e domingos de 10 a 13 horas.
2. Ante disponibilidad, identificación do alugador, e pago taxa establecida según día e hora (diferente prezo según horario de uso, e de fin de semana a día por semana). Máximo por grupo (4 xogador@s) unha hora e media de alugueiro. Non se permitirá dúas fraccións de tempo consecutivas agás no caso de actividades tipo torneo.
3. Recollida de chave da pista, e si se precisase de luz, pago das fichas correspondentes. Estabelecese unha fianza (2 €)a devolver ca devolución da chave nun tempo máximo de 24 horas.
4. Tras rematar o alugueiro, pecharase a pista, salvo que haxa usuari@s agardando pola pista por novo aluguer. Neste caso @ seguinte en entrar ensinará a chave ao que remata e pechará ao rematar.
5. O alugador é o responsable durante o tempo de alugueiro de calquera desperfecto ou lesión que se produza ou produza a terceiros na instalación deportiva. Asimesmo deberá comunicar de inmediato dita situación ao Servizo deportivo do Concello de Ares, indo ou chamando ás oficinas de dito servizo.
6. Crearase un rexistro de alugador@s, de feito que calquera incidencia no servizo por parte dos usuari@s, quedará registrada, de cara a establecer as sancións que se estimen pertinentes según o Regulamento disciplinario da instalación.
7. **REGULAMENTO DISCIPLINARIO:**
 - **Por pérdida da chave:**



1ª vez: rexistro da incidencia, execución da fianza, subindo o importe da fianza a 4€ para sucesivos alugueiros e advertencia verbal. 2ª vez: execución da fianza e comunicación da imposibilidade de alugar en diante.

- **Por deixar aberta a instalación despois de xogar:**

1ª vez: rexistro da incidencia, execución da fianza, subindo o importe da fianza a 4€ para sucesivos alugueiros e advertencia verbal. 2ª vez: execución da fianza e comunicación da imposibilidade de alugar en diante.

- **Por xogar máis tempo do alugado:**

1ª vez: rexistro da incidencia, execución da fianza, subindo o importe da fianza a 4€ para sucesivos alugueiros, cobro dunha fracción de uso a maiores, e advertencia verbal. 2ª vez: execución da fianza, cobro dunha fracción de uso a maiores e comunicación da imposibilidade de alugar en diante.

- **Por desperfectos na instalación, debidos a un mal uso da mesma:**

Cuantificación dos danos e denuncia para o seu pagamento.

Imposibilidade durante un ano, de voltar a entrar na instalación.

Na reiteración deste comportamento expulsión definitiva.

- **Por incidentes na instalación tales como agresións físicas ou de outra índole:**

Expulsión da instalación e imposibilidade de voltar a alugala ata que se aclaren as circunstancias dos conflitos.

Na reiteración deste comportamento expulsión definitiva.

- **Prohíbese comer na instalación, e deixárase todo recollido ao abandonar a instalación.**

- **SISTEMA DE CLASES:**

1. Poderanse recibir clases de pádel nos horarios e días establecidos, previo pagamento da taxa polo servizo e dispoñibilidade de praza.
2. Si fose preciso por razóns de demanda poderanse establecer novos



grupos de clases, ocupando como máximo o 40 % das horas de uso da instalación.

3. O número máximo de alumn@s por clase será de 4, e o mínimo de 3.
4. Poderá establecerse unha taxa diferente según sexan as clases pola maná pola tarde, ou as fins de semana.
5. O material deportivo, agás as bolas de xogo serán por conta dos alumn@s.
6. A idade mínima para recibir clases de pádel será de 6 anos cumpridos con anterioridade ao comezo das clases."

PUNTO NÚM. 7.- ORDENACIÓN E IMPOSICIÓN ORDENANZA FISCAL "UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PADEL DE PEDRÓS-ALUGUEIROS E CLASES".

Dase conta do informe de Secretaria de data 23 de abril de 2012, do seguinte teor literal:

INFORME SECRETARIA

ASUNTO: ORDENACIÓN E IMPOSICIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONES DE PADEL DE PEDROS. ALGUEIROS E CLASES.

INFORME:

PRIMEIRO.- A capacidade regulamentaria en materia de xestión de tributos vén matizada maioritariamente nos artigos 11 e 12 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (R.D.L. 2/2004).

En virtude destes artigos cabe indicar a través das suas ordenanzas fiscais as entidades locais poderán adaptar a normativa de xestión liquidación, inspección e recadación de tributos ao réxime de organización e funcionamento interno propio de cada unha delas, sen que tal adaptación poida contravir o contido material da devandita normativa, tal e como establece o artigo 12.2 do R.D.L. 2/2004.

Esta adaptación normativa deberá levarse a cabo tendo en conta un límite primordial: a adaptación non poderá contravir ao contido establecido na normativa estatal. "



Interven o Voceiro do BNG SR. Mesias Farias: Nos aquí vámonos a abster porque consideramos que o Concello non dispón de medidas de control, para facer un seguimento tal e como está plantexándose, nos dubidamos de que o regulamento vaiase a cumprir, hai que regular o servizo de usos que se recibe.

Resposto a Sr. Alcalde, que en principio as escolas van a ter o seu monitor, contratado por Xemade, e o aluguer temos nos as chaves.

Sr. Mesias Farias: tal e como esta o procedemento para recoller a chave, deixar a chave, e todo eso non hai maneira de controlalo.

SR. Alcalde: Si porque abaixo no mostrador se apuntan, e dicir fan a reserva horaria, quen quere xogar, loxicamente se ten que apuntar nunha lista, a xente que quere utilizar as pistas de padel, ten que pedir vez.

Sr. Mesias Farías, non é así, se van a apuntar ó pavillón, hai e onde teñen que pedir a pista, e collen a chave no pavillón, e teñen 24 horas para devolver a chave, se eles alugan unha hora, e na hora seguinte non vai ninguén poderían estar máis dunha hora, me explico porque non hai ninguén, porque teñen 24 horas para devolver a chave.

Sr. Alcalde, obxesa que necesitamos Garda Civil para controlar.

SR. Mesias Farias, garda civil non.

Sometido a votación o asunto o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 1 NAL), e 6 abstencións 4 PP e 2 BNG acorda prestarlle a súa aprobación, a Ordena Fiscal pola utilización das Instalacións de Padel de Pedrós. Alugueiros e clases, que seguidamente se transcribe:

PREZO CLASE 3 H. SEMANA (Hora e medio por día) 40 Euros mes.

PREZO CALSES 1h E MEDIA SEMANA. Hora e media día: 25 euros mes.

PREZO ALUGUERES PITAS fracción de hora e media:

Por semana:

De luns a venres de 9 a 16,30 horas: 6 euros.

De luns a venres de 16,30 a 22,30 8 euros.

Fichas de Luz 70 céntimos de Euro por media hora.

Fins de semana:

9 Euros.



Fichas de Luz 70 céntimos por medio hora.

PUNTO NÚM. 8.- ORZAMENTO 2012. RESOLUCIÓN ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE.

Dase conta da Alegación presentada por D. Jose Manuel Cendán Fernandez, voceiro do Grupo Popular que seguidamente se transcribe:

“DON JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ, con D.N.I. núm. 32.625.525W, maior de idade, portavoz do grupo municipal popular do ayuntamiento de Ares, vecino de la misma villa y con domicilio a efecto de notificaciones en la calle los Angeles, nº 51 bajo, como mejor proceda en derecho, comparece y dice:

Que habiéndose publicado el viernes 09/02/2012 en el Boletín Oficial de la provincia de la Coruña la aprobación provisional del presupuesto municipal del ayuntamiento de Ares del año 2012, y dentro del plazo de 15 días legalmente concedido, en base a los artículos 169 del RD Leg. 2/2004 de 5 de marzo de 2004 y 20 del RD 500/1990 de 20 de abril, pasa a formular las siguientes

ALEGACIONES

PRIMERA.- RECLAMACIÓN que se basa en el artículo 170.2 c) de la Ley de Haciendas Locales: “Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que está previsto”.

El presupuesto publicado consigna en el apartado de Ingresos y en concreto en la partida correspondiente a la clasificación económica núm. 39.100 la cantidad de 60.000 euros en concepto de “multas por infracciones urbanísticas”. En la relación del estado de ejecución de las partidas del año 2011 se había previsto la cantidad de 30.000 Euros en el ejercicio 2011, ahora fallado estrepitosamente la cantidad de 30.000 euros en el ejercicio 2011, ahora se requiera cometer un error mayor. Sin duda alguna se hacen cosntar ingresos, a sabiendas de que no se van a a ingresar, únicamente con la finalidad de equilibrar el documento por la no reducción de gastos.

Algo similar ocurre con la partida clasificación económica 39.120 “ingresos por multas de trafico” que prevé unos ingresos de 40.000 euros cuando en el ejercicio del año 2011 se habían presupuestado 15.000 euros y únicamente se han recaudado hasta el mes de junio 5.952 euros. Se vuelve a repetir la argumentación anterior.

En la misma línea presupuestaría se encuentra la partida clasificación económica 39.211 relativa a “recargo de apremio” que presupuesta 20.000 euros la misma cantidad presupuestada en el año anterior, cuando el estado de ejecución nos dice que apenas se ingresaron 13.445,06 Euros.



De producirse en el año 2012 los comportamientos recaudatorios reales del año 2011, nos encontraríamos con unas cantidades negativas que superarían los 100.000 euros.

En relación a lo expuesto, se quiere recordar que la propia Secretaría-Intervención señala en el Informe económico financiero del año 2012 que -y se transcribe literalmente- "esta Corporación seguirá un marco económico moi crítico ou de colapso, que fará imposible facer frente ás obrigas económicas adquiridas e futuras...."

Presupuestar más de 100.000€ irreales, que ya sabemos de antemano que no va a ser posible recaudar, amén de una gran irresponsabilidad personal y política, es una causa tipificada y recogida en el apartado c) del apartado 2 del referido artículo 170 que estamos invocando. El documento presupuestario publicado y aprobado inicialmente por el pleno es una obra de maquillaje contable en el que el gobierno no reduce el gasto e incrementa datos ficticios para así equilibrar contablemente las cuentas. Pero sabemos, pues el informe de ejecución del año 2011 y los anteriores así nos lo indica, que no va a ser posible recaudar las referidas cantidades, pues los ingresos reales que se percibirán serán manifiestamente insuficientes para cubrir el gasto previsto.

Y por supuesto hacemos nuestra las valoraciones que la propia Secretaría-Intervención realiza en relación al grado de ejecución del servicio de recaudación del ICIO, lo cual se antoja más preocupante al incorporarse como ingresos unas cantidades desproporcionadas.

SEGUNDA.- RECLAMACIÓN que se basa en el artículo 170.2.a) de la Lev de Haciendas Locales: "Por no haberse ajustado su elaboración v aprobación a los trámites establecidos en esta Ley".

En las bases para la aprobación del presupuesto, se incluye en la Base 20 "Dietas e Indemnizaciones" apartado A), el extraño concepto "Por coordinación de áreas P.X.O.U 224,97 Euros (Urbanismo-Plans-Equipamentos-Infraestructuras- Medio Ambiente- Obras-Servicios-Sanidade e servizos Sociais-Cultura-Trafico-Educación).

Y se dice el extraño concepto, pues a diferencia de los otros conceptos descritos en el referido apartado A), se establece que la cantidad a abonar es "por sesión", si bien no limita un máximo ni mínimo por cada una de ellas. Sin embargo la referida en el párrafo anterior no determina que sea una indemnización o dieta por asistencia a sesión alguna, por lo que se trata de una dedicación completa encubierta, si bien de cuantía menor. No existe un soporte legal que ampare la creación de este tipo de pago, el cual como se ha dicho no está asignado a la presencia



física en una comisión determinada, ni por otra parte obliga a una presencia obligatoria equivalente a las dedicaciones exclusivas parciales.

A mayores, el resto de cuantías por asistencias a comisiones han sido aprobadas por el Pleno de la Corporación al inicio del mandato y por lo tanto existe un acto administrativo que las ampara y que le da cobertura legal. Sin embargo en este supuesto, no fue aprobado por el Pleno ni se ha emitido por la Secretaría-Intervención un Informe que defina el estatuto legal de esta aportación.

Pretender aprobarla en medio de la aprobación de un presupuesto y en sus bases de ejecución, no es la forma más correcta desde el punto de vista legal, pues el presupuesto y la documentación que le complementa no tiene el carácter normativo suficiente para la aprobación de este tipo de gasto.

TERCERA.- CORRECCIONES Y MODIFICACIONES que la propia Corporación puede incorporar al presupuesto aprobado con carácter de definitivo el art. 20 Real Decreto 500/90 de 20 de abril sobre reglamento presupuestario.

Se propone a través de este escrito la introducción de los siguientes recortes en las siguientes partidas:

-Área de gasto, clasificación económica 22.604 "Xurídicos, contencioso" De 9.785€ a 0€.

-Área de gasto, clasificación económica 22.606 "Conferencias, reuniones". De 1.000€ a 500€.

-Área de gasto, clasificación económica 62.700 "Proyectos complejos". De 20.000€ a 10.000€

-Área de gasto, clasificación económica 61.900 "Buque Presas". De 4.813,04€ a 0€.

-Área de gasto, clasificación económica 22.602 "Publicidad y Propaganda". De 6.000€ a 1.000€.

-Área de gasto, clasificación económica 22.699 "Ac. Turísticas". De 25.000€ a 8.000€

-Área de gasto, clasificación económica 22.711, "Contrato asistencia jurídica". De 26.000€ a 0€.



-Área de gasto, clasificación económica 22.799, "Contratos diversos". De 11.000€aO€

La cantidad total reducida asciende a **74.098,04€.**

A las anteriores reducciones proponemos las siguientes adiciones por los mismos importes que la reducción.

- Area de gasto, clasificación económica 48.000 "Emergencia social" De 5.000 a 10.000 euros.
- Area de gasto clasificación económica 22.703 "Desratización y lacería" de 50 Euros a 1.000 Euros.
- Area de gasto, clasificación económica 21.200 "Alianza Aresana" De 2.000 a 20.000 euros.
- Area de gastos, clasificación económica 21.200 "Santa Catalina" De 1.000 a 20.000 euros.
- Area de gasto, clasificación económica 21.200 "Concello-xulgado". De 1.000 a 20.000 Euros.
- Area de gasto, clasificación económica 21.000 "Vias públicas". De 45.000 a 57.148,04 euros.

Ascienda la cantidad incrementada en **74.098,04 euros.**

Por todo ello, al Sr. Alcalde-Presidente

SOLICITO que teniendo por presentado este escrito de alegaciones al documento provisional del presupuesto municipal del año 2012 del Ayuntamiento de Ares, dentro del plazo de 15 días legalmente habilitado al efecto, y previa la convocatoria de la correspondiente Comiisón ordinaria de Hacienda y el posterior Pleno de la Corporación, se acuerde la aprobación de las referidas alegaciones, a sus efectos."

Dase conta da reclamación presentada polo voceiro do grupo municipal do BNG que seguidamente se transcribe:

"D. Emilio Mesías Farias, con NIF núm. 32.663.228-P concelleiro portavoz do Grupo Municipal do BNG como mellor proceda en dereito comparezo.

Ao amparo do publicoado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, a data de 14 de Marzo referido á "Aprobación inicial na sesión Plenaria do día 8 de marzo de 2012 do orzamento 2012".



Que a elaboración de ditos presupostos non se axusa ao Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de

decembro, de Medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financiera para a corrección do

déficit público e conculca o disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 15 de marzo, polo que

se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e demais disposicións

reglamentarias.

Que polo anteriormente dito, presentan RECURSO contra os mesmos en base aos feitos e

fundamentos de dereito que a seguir

EXPOÑO

Primeiro.- Que o Informe Económico-Financeiro dos Orzamento de 2012, asinado por D. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello, en virtude do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, en Materia Orzamentaria, remata textualmente: *"Na súa consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, coas excepcións efectuadas, logrouse a xuízo do funcionario informante a efectiva nivelación do referido orzamento."*

Así pois, queda xa manifestado no propio informe a existencia de excepcións que contradin que nos presupostos se acade a efectiva nivelación do Orzamento, xa que, agás a convocatoria da praza de electricista, **non se corrixiron ningunha das "excepcións efectuadas" polo Interventor** no trámite da aprobación Orzamentaria.

Segundo.- Crease unha praza de Policía Local, encadrada no Escala de administración Especial, Subgrupo Servizos Especiais, grupo C, subgrupo C-I.

É de suliñar que o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financiera para a corrección do déficit público, **establece que durante o ano 2012 non se procederá á incorporación de novo persoal**, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de



emprego público de exercicios anteriores ou de prazas de militares de tropa ou marinería necesarios para alcanzar os efectivos fixados na disposición adicional décima da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011. Esta limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Créase unha praza de carácter eventual de asesoría da tramitación do Plan Urbanístico.

Tamén aquí hai que recordar que o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público dispoñe que **durante o ano 2012 non se procederá á contratación de persoal temporal**, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que restrinxiránse aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- Se crea unha nova Comisión para a tramitación do Plan de Urbanismo.
Deste xeito,

se aumenta o gasto dos importes das asignacións por asistencia dos membros da Corporación, xa que a maiores das xa consignadas no exercicio anterior, os membros da Corporación adscritos a esta nova comisión, de non renunciar a ditas asignacións, terán un maior ingreso polo concepto citado. A todas luces, esta situación, non deixa de ser unha fraude de lei para agachar nos Orzamentos un maior gasto nos importes das asignacións, agachandoas baixo a creación dunha nova Comisión. A evidencia está recollida no propio informe Económico-Financeiro: "*Os importes das axudas de **custo dos membros da Corporación, dos gastos de locomoción, das asignacións por asistencias dos membros da Corporación e demais indemnizacións tamén se manteñen "conxeladas". sen incrementos, e quedan flixadas ñas contías que se establecen ñas Bases de Execución deste orzamento***". Pero oculta que aumenta o gasto no Orzamento desta conta ao aumentar o número de comisións. Volvemos a recordar que o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público dispoñe que as **cantidades correspondentes ás retribucións de cargos electivos, mantéñense "conxeladas" ñas mesmas contías ca no exercicio do 2011**, sen incrementos. Para atender ás dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación, orzase o mesmo importe que o ano 2011. Conven destacar que a súa percepción é incompatible coa de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da



Corporación de que forma parte, segundo a redacción que a Lei 14/2000 lle dá á Lei 7/1985.

Quinto.- Que existen preocupantes esquecementos nos Orzamentos do que reflicte o Informe

Económico-Financeiro no que nel se denominan como "*BASES UTILIZADAS PARA AVALIACIÓN DOS INGRESOS*", xa que non se trasladan aos orzamentos as recomendacións efectuadas polo Interventor.

Valga como exemplo o referido ao Persoal do Concello, así volvemos a recoller textualmente o informado pola Intervención: *"En relación ó persoal do Concello, recepcionada a RPT redactada pola Deputación Provincial da Coruña, esta Secretaría unha vez máis como os anos 2010 e 2011 ven a significar a necesidade dunha Relación de Postos de Traballo e o Catálogo de Postos de Traballo como instrumentos de ordenación da xestión de recursos humanos, e máis concretamente como expresión ordenada do conxunto de postos de traballo caracterizados por pertencer a unha mesma Unidade ou Dependencia da Administración, que deban ser desempeñados por funcionarios de carreira, por persoal eventual, indistintamente por uns ou outros, e por persoal laboral, coa detallada descrición das características e requisitos dos mesmos. A R.P.T. constitúe o principal instrumento organizativo da Entidade Local, pois se diseña o modelo organizacional a nivel de estrutura interna ordenando e clasificando o persoal en orde a realización concreta do traballo a desenrolar.*

Mediante a R.P.T. racionalízase e ordena a función pública, e é un instrumento esencial da política xeral de persoal ó incluír na mesma a dimensión económica e orzamentaria.

Esta Secretaría perante as medidas adoptadas coa redución e conxelación da masa salarial por imperativo do Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de marzo, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público e na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e a conxelación que efectúa o Real Decreto Lei 20/2011, ante a inviabilidade de tramitar a RPT nos termos elabora e recepcionada. advirte da perentoria necesidade á vista da actual situación da asignación deficiente dos recursos personáis ou exceso de carga de traballo nalaunhas áreas -co conseauínte retraso-de efectuar unha reorganización dos postos de traballo así como analizar a procedencia de regularizar postos de traballo á vista de si son estruturáis ou non, en base ao art. 22.dous da Lei39/2010."

A "perentoria necesidade" tampouco foi obxecto de atención na elaboración dos Orzamentos aprobados.

Sexto.- Tampouco foi atendida a advertencia do Interventor sobre o risco de manter a actual estrutura de ingresos e gastos correntes.



Séptimo.. Reproducense as medidas previstas no Plan de Saneamento Financeiro para os exercicios de 2009 e 2010, pero o Interventor se esquece de facer unha corrección en base aos resultados efectivamente acadados con ditas medidas. Baste, como exemplo que ñas Accións programadas para o ano 2009 se recolla: *1.4. Sobre o Capítulo I "Gastos de Persoal"*.

*a) A elaboración e aprobación da RPT permite unha mellor ordenación e racionalización dos recursos humanos e a súa adscripción a losservicios municipais. Isto traducirase nunha Redución das horas extraordinarias de 130.000 euros. Cando, como xa se expuxo no punto anterior, se **recoñece a imposibilidade de aplicar a RPT** obxecto da acción para tal fin programada no ano 2009. Isto non fai máis que ahondar no "rigurosidade" na elaboración do Informe Económico-Financeiro pola Intervención do Concello. Pero **tampouco se consigna crédito para a adecuación ou elaboración dunha nova RPT.***

Octavo.- Non deixa de ser preocupante que dende a Intervención se recoñezan *"aportacións de*

incrementos de obras que hai que convalidar por non haberse efectuado no seu momento o preceptivo reformado ou adquisicións sen procedemento (vehículo usado policía local entre outros), achega municipal para a obra incluída no Plan de Obras e Servizos Adicional 1/2011, para concellos con baixas de licitación ñas obras do POS-2011 e con baixas no Plan Complementario... "

Chegado a este apontamento haberla que, cando menos, explicar que situación se dou para ter que obviar o procedemento establecido para a aprobación de "incrementos de obras" e a que obras afectaron as irregularidades. **En aras da transparencia, cumpre abrir expediente informativo a fin de coñecer tódalas circunstancias dos casos de "incrementos de obras"** para logo, en función da súa resolución, tomar as decisións oportunas.

Noveno.- Non é entendible que o Orzamento de 2012, todavía en periodo de exposición e

reclamación, teña unha modificación a través dun Plan de Ajuste para facer fronte a unha débeda aos provedores de 2.805.872,31 €, parece ser que o informe base para a aprobación dos Orzamentos de 2012 non estaba de todo acertado.

Polo exposto,

SOLICITO



Que por medio do presente escrito se teña por presentado RECURSO contra os Orzamentos de 2012 e se dicte resolución pola que se proceda a nulabilidade do mesmo en base ao aquí manifestado.”

Dase conta do informe de Secretaria-Intervención de data 16 de abril de 2012, do seguinte teor literal:

Asunto: Reclamacións orzamento exercicio 2012.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data 8 de marzo de 2012, é aprobado con carácter inicial o orzamento, cadro de persoal e relación de postos de traballo para o exercicio 2012.

Segundo.- Publicado o acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia núm. 51, do 14 de marzo de 2012, ós efectos, do artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais durante o prazo de quince días a efectos de presentarse polos interesados reclamacións, o 27 e 31 de marzo de 2012 respectivamente, son presentadas alegacións polos grupos municipais do Partido Popular e do BNG nos termos que nas mesmas figuran.

Terceiro.- As reclamacións dos Grupos Municipais do P.P. e B.N.G. están presentadas en tempo e forma, tendo nos termos do artigo 170 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, a condición de interesados.

FUNDAMENTOS:

Primeiro.- O funcionario que suscribe ratifícase no informe de data 27 de febreiro de 2012, emitido ao orzamento do exercicio de 2012.

Segundo.- Nos termos do art. 170.2 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, únicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación os trámites establecidos nesta Lei.

Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que está previsto.



Terceiro.- Cumpre significar que o defecto de non haber axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos na Lei é susceptible de manifestacións de distinta gravidade e, por conseguinte, de efectos diferentes.

Así, sería causa radical, en congruencia con artigo 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a adopción do acordo por órgano distinto do Pleno, ou a inválida constitución da sesión plenaria na que se aprobou, por falta de convocatoria coa antelación suficiente, ou por haber deixado de convocar a algún membro da Corporación, ou por celebrarse a sesión sen o quórum de asistencia mínimo previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En cambio, serían defectos subsanables a falta ou incorrección dalgún dos documentos que han de unirse ó Proxecto, ou o erro no cálculo dalgunha consignación.

Tamén serían irregularidades non invalidantes aquelas omisións que non afectan directamente a validez do acto: falta de dictamen da Comisión correspondente ou sobre a inexistencia de déficit inicial, pero estando o Orzamento nivelado en realidade.

Tampouco son motivo de reclamación o que os ingresos previstos sexan excesivos, así como tampouco a pretendida ilegalidade dalgunha das Ordenanzas Fiscais reguladoras dos tributos cuxo rendemento figura no estado de ingresos, pois a impugnación de tales ordenanzas pode facerse tanto de forma directa, cando se tramita a súa aprobación ou modificación, como de forma indirecta, con ocasión de cada acto individualizado da súa aplicación, se ben neste segundo caso, unha posible sentenza estimatoria non producirá efectos “erga omnes” senón soamente respecto da situación individualizada do recurrente.

Cuarto.- A omisión de crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles ó Concello, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, obrigaría a practicar a pertinente rectificación, ben a costa de reducir consignacións de gastos voluntarios, ben mediante a búsqueda de novas fontes de ingresos.

Quinto.- Sobre a **manifesta** insuficiencia dos ingresos cabe suliñar, tendo en conta que o avance da liquidación do ano como documentos que compaña ao orzamento, reflexa os seis primeiros meses:

- Por resolución da alcaldía de 11-02-09, incoase a Konkreto 2000 S.L., expediente de infracción urbanística pola realización de actos de uso do solo consistentes na realización de obras sen axustarse á licenza urbanística que na mesma se indican; sendo rematado por resolución de 6-11-09, pola cal se impuxo unha sanción de 60.000,00 euros, impugnada en vía xurisdiccional contencioso-administrativa, sendo por Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol de 16-12-2010, denegada a medida cautelar solicitada por Konkreto 2000 SL de suspensión de acto municipal, e



apelado pola mesma perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, este por Sentenza de 02-06-2011, desestima dito recurso de apelación interposto por Konkreto 2000 SL.

- Tamén é de significar a imposición de dúas sancións por importe total de 2000,00 Euros correspondentes a unha orde de execución pola tala de árbores que amenazaban derrumbe, declarada conforme a dereito por Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo N. 1 de Ferrol de 24 de febreiro de 2012 (procedemento abreviado 378/2010), que por tratarse dun procedemento abreviado non é susceptible de recurso ordinario algún.
- Sobre multas de tráfico, a liquidación do exercicio 2011 arroxa unha redacción por dito concepto de 21.707,89, superando a consignación presupostada pero inferior á prevista no exercicio 2012.
- Respecto ao recargo de apremio, a liquidación do exercicio de 2011, aporta unha recadación de 20044,99 Euros, superior á consignada en dito exercicio e prevista en idéntica cuantía para o actual exercicio de 2012.
- A percepción prevista polo concepto “coordinación de areas P.X.O.M” figura nas bases de execución (Base 20) dentro das dietas e indemnizacións, en concepto de asistencias, non significando adicación exclusiva ou parcial.
- No proxecto de orzamento 2012, na partida 22707 “Cont. Menor PT” figura unha consignación de 5.800 euros para contrato menor asesoría recursos humans, que como sinala o epígrafe, está adicada a retomar a RPT elaborada pola Deputación Provincial e recepcionada polo Concello o 17 de Xullo de 2009.
- As alegacións do P.P. presentan erros nas contías (proxectos complexos).

Cumpre significar que o funcionario que suscribe, ratifícase no informe de 27 de febreiro de 2012, destacando:

- O Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, establece que durante o 2012 non se procederá á incorporación de novo persoal, salvo o que poida derivarse da execución de procesos selectivos, correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores ou de prazas de militares de tropa ou marinería necesarios para alcanzar os efectivos fixados na disposición adicional décima da Lei 39/2010 do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011. Esta limitación alcanza as prazas incursas nos procesos de consolidación do emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto do Empregado Público.
- Durante o ano 2012 non se procederá á contratación de persoal temporal, ni ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que restrinxiránse aos sectores, funcións ou categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.



- As excepcións á regra xeral (sectores e administración nos que a tasa de reposición se fixa no 10 por cento), a diferenza do que ocorreu noutras ocasións, entre elas no se inclúe á Policía Local nin ós Corpos de Bombeiros, polo que tales excepcións non son de aplicación na Administración Local.
- Cando o funcionario que suscribe facía referencia a que permanecían conxeladas, sen incrementos os importes das axudas de custo dos membros da corporación, gastos de locomoción, asignacións dos membros da Corporación e demais indemnizacións, non se refería ao computo global, que lóxicamente se incrementaba, senón que facía referencia á que as mesmas en canto conceptos individualmente previstos, non se incrementaban.
- Mediante a R.P.T. racionalízase e ordena a función pública, e é un instrumento esencial da política xeral de persoal ó incluír na mesma a dimensión económica e orzamentaria. Esta Secretaría perante as medidas adoptadas coa redución e conxelación da masa salarial por imperativo do Real Decreto Lei 8/2011, e a conxelación que efectúa o Real Decreto Lei 2/2011, ante a inviabilidade de tramitar a RPT nos termos elaborada e recepcionada, advirte da erentoria necesidade á vista da actual situación da asignación deficiente dos recursos persoais ou exceso de carga de traballo nalgúns áreas –co conseguinte retraso- de efectuar unha reorganización dos postos de traballo así como analizar a procedencia de regularizar postos de traballo á vista de si son estruturais ou non, en base o art. 22 da Lei 39/2010.
- Retírase novamente o problema derivado das transcripcións literais das actas, coa carga que elo supón dada a transcripción literal das actas e enorme perda de tempo que elo supón para o funcionario encargado das mesmas (sesións dunha media de 3 horas de duración) sendo necesario plantexar unha aplicación da Lei de Enxuiamento Civil, no senso de redactar as actas na súa parte dispositiva, votación e acompañada dun CD co audio asinado electrónicamente como fan outros Concellos. Elo suporía poder levar as actas ao día, tanto para a Corporación como perante a súa remisión a Administración do Estado e Xunta de Galicia. Tamén é de destacar a Orde do 15 de decembro de 2010, pola que se regula a remisión obligatoria de determinada documentación das entidades locais galegas á Xunta de Galicia e se suprime o formato papel nelas.
- Reitérase a advertencia da urxente e inaplazable necesidade de cubrir regulamentaria a praza de Intervención.
- Reitérase o risco de manter a actual estrutura de ingresos e gastos correntes.
- Recomendase executar estrictamente os proxectos adxudicados ou seguir os preceptivos trámites para modificacións, reformados ou autorizacións nos termos do Real Decreto Legislativo 3/2011, o 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- A data 27 de febreiro de 2012, esta Secretaría-Intervención carecía dos datos de débeda a provedores: Por un lado, o Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo



que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais foi publicado no BOE o sábado 25 de febreiro de 2012, que no seu art. 3º establecía a obriga de remitir por vía telemática e con sinatura electrónica ao Ministerio de FAcenda e Administracións Públicas unha relación certificada de tódalas obrigas pendentes que reunisen os requisitos establecidos no artigo 2º e comprensiva da información que se especificaba no mesmo; e doutro lado sobre volver a insistir na escasez de persoal dos servizos económicos, cunha excesiva carga de traballo que vaise cumprimentando coa excepcional voluntariedade do mesmo e colaboración do resto do persoal da área de secretaria.

Finalmente suliñar que Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2012 aprobado no Consello de Ministros con data 30 de marzo de 2012, para a súa remisión as Cortes Xerais, o cal figura co código de proxecto de Lei 121/000008, non altera en canto refírese ás Entidades Locais (incremento retribucións dos empregados públicos-xornada laboral-interese legal do cargo e de demora-oferta de emprego publica etc) as medidas adoptadas polo Real Decreto –Lei 20/2011, de 30 de decembro, de Medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financiera, para a corrección do déficit público.

Tamén e de observado cumprimento as medidas do Plan de axuste aprobado en cumprimento do Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, na sesión plenaria do día 28-03-12, informado por este funcionario (25-03-2012) remataba:

“TERCERO.- Es necesario sobre las medidas estructurales urgentes y de carácter extraordinario que se proponen en el Plan de Ajuste que se extenderá durante el período de amortización de la operación de endeudamiento, acompañar las mismas de una fuerte disciplina fiscal, incrementando las medidas de contención/ahorro del gasto corriente y la eficiencia en el gasto, mediante una gestión del gasto racional y controlada y actuaciones relativas a reducir los gastos corrientes, acompañada de una moderación o reducción de los gastos de inversión, por cuanto siempre implican gastos de mantenimiento durante su vida útil.

Así mismo y en los términos del Plan de Ajuste, es necesario efectuar revisiones/correcciones de determinados servicios deficitarios (deportes-cultura-ayuda en el hogar y dependencia etc) para lograr la suficiencia financiera en los mismos, si bien como señala el Real Decreto Ley 4/2012, de 24 de febrero, teniendo en cuenta medidas de reducción de cargas administrativas a ciudadanos y empresas que se vayan adoptar en los términos que se establezca por acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos.”

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio acordará o que estime convinte.”.



Sr. Alcalde-Presidente, presentáronse alegacións por parte do Partido Popular, e do Bloque Nacionalista Galego, e efectivamente hai un informe de Secretaria, onde loxicamente tra-la exposición dos fundamentos se conclue cunha proposta de acordo que é desestimar as alegacións dos Grupos municipais do PP e do BNG e en consecuencia, pois loxicamente da lugar a eficacia tanto do orzamento como do Plan de Axuste.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández: Eu moi brevemente simplemente dicir que todas as cuestións que veñen nas alegacións, están puntualmente contestadas polo Sr. Secretario, en canto á estimación das partidas que por un lado se veñen reclamando e polo tanto non hai nada que dicir, o mesmo informe xa as resposta e di o motivo polo cal non son certos os datos que se barallan por parte dalguns voceiros que presentan alegacións polo tanto meu voto vai a ser negativo.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: Nos vamos a dicir o que seguimos dicindo porque o que é o informe do Sr. Secretario, como sempre entra nos xenericos, agora que están de moda os xenericos, e non nos resposta o que nos lle dicimos polo tanto seguimos facendo este tipo de informes, pois nos teremos que seguir mantendo a nosa postura.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular: Sr. Manuel Cendán, eu quería facer un pouco de explicación porque nos levou o motivo destas alegacións, aquí mesmo hoxe no Pleno ven a aprobación da acta, dos orzamentos, e nos cando foi o dos orzamentos pedimos que quedara sobre a mesa, porque o 30 de marzo tiñamos un plan que aprobar, e así o tiñamos que levar a Pleno antes do 30 de marzo o Plan de Axuste, co presuposto que se ía a aprobar, non tiña validez nin valía para nada, aparte de eso hai uns ingresos irreais, que xa o explicamos nas alegacións, e que o presuposto do 2012 non vai a ter nada que ver despois de aprobar o Plan de Axuste, eu creo que a situación económica do Concello é precaria, aquí se van axustando e se fan as contas daquela maneira, as facturas se foron deixando nos caixons, e bueno si vemos un informe de diputación, que se fixo sobre os Concellos de menos de 20000 habitantes veremos que somos de 94 Concellos o número 1 en débeda. É un desastre económico, que temos, según, informe de diputación, se recoñece que por parte do Concello de Ares, hai se fala de cifras, por parte de Secretaria-Intervención nunca se fixo isto, que pois xa fala de tres millóns cento e pico mil euros, de debeda deste Concello, nos a día de hoxe podemos dicir que despois de sumar, a debeda viva, a debeda de provedores, o Concello de Ares a día de hoxe está cerca dos 6 millóns de euros, que son uns mil millóns de pesetas de debeda, creo que está é unha situación lamentable, creo que hai que tomar medidas, e as medidas que se tomaron non van a solucionar o problema, se puxeron parches pero o Concello de Ares ten unha situación económica, precaria, eso non o digo eu, esta aquí, e eu despois si por parte da Alcaldía, e os grupos leeron o informe sobre a situación dos Municipios 2007-2010, aquí esta se fala dos números da situación económica que nos atopamos, o dixen o sigo dicindo e na acta dos orzamentos os Concelleiros aquí presentes veredes que hai que tomar outras medidas. Pero bueno ó que nos ciñe, que era o orzamento que se había presentado,



dicir que vamos a discutir unha cousa que non ten prácticamente validez, dos temas que nos fixemos. Por exemplo o tema de reclamación do coordinador, do delegado especial, os cartos dos 124 euros por urbanismo, plans equipamentos infraestructuras medio ambiente, esta coordinación, dicir que nos seguimos pensando o mesmo, nos pasa igual que o BNG, porque na explicación do Informe do Sr. Secretario se di que ven nas bases de execución, eso xa o dicimos nos aquí, pero que nos creemos que máis todavía, cando neste pleno a continuación vai a ir a formación desta Comisión, que aquí cando se crearon as Comisións se levaron a Xunta de Voceiros, parte dos grupos opinamos, se crearon as Comisións, e todos tivemos que decidir os membros que ían a facer, e neste caso non se fixo nada. Pero mira, eu a raíz, o dixeran no Pleno dos presupostos, a raíz de isto, e a raíz do tema económico, a persoa, e un consello que lle dou o Sr. Alcalde, a persoa que se nomea coordinadora, neste momento o que debe facer e darlle unha responsabilidade económica, que é onde este Concello o problema que vai a ter nos dez anos seguintes os que veñan, se van a encontrar con el, porque vamos a ter que pagar sete ou oito millóns de pesetas todos os meses de debéda, é o tema económico, e o tema urbanístico, xa o dixeran tamén, que o Plan Xeral, non é o problema nin a curto prazo nin a medio prazo do Concello de Ares, e vou a explicar porque, porque temos unha situación económica, e hoxe en Ares igual temos douscentos, trescentos ou catrocentos pisos sen vender, a presión urbanística en Ares nos próximos anos non a vai a ter, entón si priorizamos e vmos a situación lamentable que ten este Concello que é a situación económica, pois eu creo que o que hai que aclarar é o tema, esta persoa que se vai a nombrar aquí que se aprobou, nomeala como Delegado Especial de Facenda para que todo isto, e así se pode desmontar que era o responsable durante oito anos de goberno, e así, o din todos os informes que a economía de Ares desde o ano 99 o 2007 se fixo unha economía, sana, saludable e proba evidente é o informe de Deputación, no 2007 a Conta Xeral se liquidou según o informe de Deputación nun millón e medio de euros en positivo, quere dicir que esa foi a herdanza que recibiu o Goberno Socialista e creo que para reducir estes temas, habería que facer unha delegación especial, me equivoquei xa que o remanente de gastos de tesourería era 1.958.814 euros, esa foi a herdanza que nos deixamos nos oito anos de goberno, quero dicir que si algo fixemos ben, foi a política económica, e eu creo que esta persoa que se lle dé este cargo que non vale para nada, que é para xustificar un pacto de goberno, creo que máis eficiente vai a ser no tema económico que no tema urbanístico, en materia de urbanismo, creo que queda claro, que agora nos coas modificacións puntuais que aprobamos, o que é o casco urbano non se vai a edificar, hoxe en Ares o que é casco urbano se pode edificar, pero proba evidente que ninguén se vai a poñer a edificar cando hai catrocentos pisos por vender, e os bancos non dan créditos. O Plan Xeral aínda que se aproba dentro duns meses, non nos vai a quitar de ningún problema, o problema, que temos que considerar dentro dos próximos dez ou doce anos, e o problema económico, e temos que reconducir e que hai que tomar as cousas como hai que tomalas, entre todos a situación foi a que foi, unhas veces se acerta e outras un se engana, a situación do Concello de Ares con cinco mil habitantes non pode ter a situación administrativa que ten, non podemos dar eses luxos, e agora os luxos que temos hai que recortalos e quitálos, e esa e



a situación, hoxe estamos nos aquí, dentro de dous anos non vamos a estar, e polo menos que non nos digan o que esta pasando agora no Estado, que nos reprochen co que “me deixache”, temos que mirar de recuperar e volver ó ano 2007, que se fixo no 2007, cal era plantilla municipal no 2007, e poñerse a traballar no 2007, para darse conta para volver a reconducir o tema económico do Concello de Ares.

Decir que nos nas alegacións no quitamos nunhas partidas e puxemos noutras, dicir que nos o gordo o poñemos en tres partidas, en tres obras concretamente que son O Concello Vello que eso é lamentable e vergonzoso, agora estamos coa praza da Constitución cando se remate, o aspecto é lamentable, e se se acerca a unha porta aínda é máis lamentable, o aspecto que da o Concello Vello é de pena, un edificio publico polo menos hai que lavarlle a cara, e así nos referimos tamén as Alianzas Aresanas, que necesitan xa despois de 8 anos en algunos departamentos, por exemplo no Auditorio necesitan unha man de pintura, que está todo de moho, de cal, e o que é o edificio por fora hai que darlle un lavado, esa é a segunda, e a terceira é o tema dos camiños, poñer unha partida, e creo que nos non estamos pedindo ningunha cousa do outro mundo, que estas tres cousas que non facemos pedir grandes obras, e por exemplo que os veciños teñan a rede viaria un pouco decente, non se trata de facer máis vías nin facer nada, deixar unha partida económica por si hai que facer 200 metros e botarlle unha capa de rodadura, ou tapar un bache ou facer outra cousa e ter unha contía. Quero dicir que nos tivemos un erro na partida, puxemos 20.000 euros e eran 60.000 euros, fixen unha copia para cada un, pero creo que non fai falla, esto discutilo non conleva a nada porque como dixen co plan de axuste esto non ten nada que ver, que queden as líneas e o que nos pensamos que é que no orzamento do 2012, o Concello Vello haberá que facerlle algo como darlle unha capa de pintura, e xa non digo rematar nada por dentro, pero polo menos o aspecto visual que sexa un pouco decente, reparar algo e facer algo nas Escolas do Porto, pintar a muralla que está toda de verdin, e o resto que se poida metelo na rede viaria para arranxos porque virá a xente, estamos nun temporal e partir deste mes vanse a crear baches, polo menos estas cousas, e algunha cousa que se poda facer que se faga, dicir que estas cousas que nos fixemos ascenden a 94.098,00 euros, o que pedimos que se poidan recoller estas tres cousas nos orzamentos, e no momento que se poidan facer ilas facendo porque damos unha imaxe un pouco lamentable, porque como vedes o Concello Vello non sei se foi polas obras, se puxo mal todo o edificio, e creo que lávalo e darlle unha capa de pintura pois poñelo bon vaia, e vou a rematar dicindo que nos seguimos insistindo no mesmo, e creo que outro tema que dixen que o tema de urbanismo pasalo a Facenda, porque é o que nos fai falla, despois cando veñan as Resolucións vamos a caer no mesmo, e creo que agora mesmo onde se necesita unha man, traballar e facer as cousas ben e no tema económico.

Interven o SR. Alcalde, simplemente como apunto, te preocupas polos viais tanto, pois efectivamente a Avda. da Paz e o Mazote cando ti eras Alcalde, efectivamente recorda como estaban, eu como ti vou os enterros, e eu como ti vivimos preto do Mazote, que agora te acordas efectivamente dos viais, cando os dous viais máis destruídos que houbo en Ares, se



produciron baixo o teu mandato é moi significativo, cando efectivamente gobernabas ti non había garderia, non había Centro de Día, non había piscina non había abastecementos desde logo en Chanteiro, Redes non tiña efectivamente a imaxe que ten hoxe, so había un Parque Infantil, hoxe hai seis, esta claro que sen algunha dubida, as políticas presupostarias e as políticas fiscais teñen a súa razón de ser, a razón de ser dos últimos catro anos son todas as obras que se fixeron, se poden compartir ou non se poden compartir, ti optaches por facer un Concello Novo, e me parece ben, e aquí estamos disfrutandoo, pero loxicamente, pero evidentemente eso xenerou debeda viva, que quedou en forma de créditos que non xenerei eu, en calquer caso coa debeda viva que esta viva hoxe, e 1,8 millóns de euros máis 2,8 millóns de euros do Plan a Proveedores, eso da 4,6 millóns de euros, os 6 que ti dis, está claro que a propiedade conmutativa so ten lugar loxicamente sumando 1,8 e 2,8 pero nunca da 6 en calquer caso da 4,6 millóns, nun presuposto de 4,6 porque o orzamento este ano son 4.554.000 euros, eso significa un endebedamento do 100 por 100, que eu saiba a Lei permite ata o 110, entonces podemos ou non compartir, políticas fiscais pero o que se está a facer no Concello se fai en moitos Concellos, estamos por debaixo do nivel de endebedamento permitido porque temos un presuposto de casi 4,6 millóns e debemos 4,6 millóns eso é o 100 por 100, e se pode chegar o 110%, e por certo eso non significa ser frívolos e ignorar que a situación non é boa, e por eso facemos un Plan de Axuste, e facemos un Plan de Axuste dun millón e euros, facemos un Plan de Axuste que utilizando recurso de Política Fiscal permite subir os ingresos, e utilizando políticas de recorte de gasto nos permite dimuir o gasto, en consecuencia o Concello de Ares, está catrocentos mil euros por debaixo do seu nivel de endebedamento, por certo a política municipalista do goberno de Rajoy é maravillosa, e dicir lle pide un Crédito o Banco Central Europeo para o paga a proveedores ó 1% e os Concellos danolo ó 5,25%, por certo menos a Marbella porque aquí onde máis se rouba mellor te tratan a Marbella o 1% e a pagar en 40 anos, claro é que en Marbella goberna o Partido Popular, e eso é efectivamente o exemplo de municipalismo que fan vostedes, danlle un crédito ó 1% para pagar a proveedroes e vostede o dan os Concellos ó 5,25% menos a Marbella que o dan o 1% e a pagar en 40 anos, en calquer caso claro que recoñecemos que a situación é difícil, e por eso aprobamos un Plan de Axuste, e efectivamente pois é unha situación extraordinaria dentro dun contexto loxicamente extraordinario, pero de que se deben 6 millóns é mentira, debense 4,6 millóns, e os orzamentos do Concello de Ares está sobre 4,6 millóns, o deste ano 4.554.000 e dicir estamos por debaixo do 110% que permite a Lei de endebedamento, e adoptamos medidas, claro que adoptamos medidas, vamos a un Plan de Axuste dun millón de euros, o Plan de axuste ten que estar en vigor 10 anos, a un millón de euros son 10 millóns de euros, debendo 2,8 eu creo que está ben calculado, como comprenderás as cousas son así, se tes un plan de axuste dun millón de euros ó ano, en 10 anos son 10 millóns de euros, e debes canto, 4,6 millions, creo que efectivamente é un Plan de Axuste razonable, a cousa esta fastidiada si, pero seguimos dentro dos marxes dentro dos límites e dentro do cadro que describe a normativa vixente, hai concellos que xa están por riba do 110%, eso si que é vulnerar a



normativa, nos estamos o límite, si estamos ó limite, pero temos loxicamente medidas correctoras, e as estamos loxicamente aplicando.

Interven o voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán: Quero rematar, Julio eu te falei deste informe de Deputación, que non é nada sospeitoso, está feito pola Deputación.

Sr. Alcalde: Pero lee e conclusión Manuel, hai unha conclusión, di que o Concello de Ares pouco a pouco esta corrixindo o desequilibrio entre ingresos e gastos e estamos entrando ... , o informe conclue que estamos na senda da recuperación económica e eso non o lees, eso non o dis que conclue dicindo que vamos polo bo camiño, eso non o dis porque non ten interesa.

Sr Manuel Cendán: ti sumas a debeda viva e o Plan de Axuste, e non e así, nas Comisións de Goberno de 30 de marzo e 2 de abril presentaron facturas CONCIFA e AQUAGEST e que non se meteron, porque son facturas do 2008 para aquí, pero hai facturas que hai que pagar, e dixeron que non, pero hai unha que é a de contía maior de AQUAGEST que é un POS, e un POS e un diñeiro que da a Deputación, que se ingresou un diñeiro aquí, que se certificou e mandou o diñeiro a Deputación, e se gastou noutro lado e non se lle deu o contratista, ese diñeiro hai que pagalo, ese diñeiro hai que pagar que esa obra esta Certificada, a Deputación deu o diñeiro e non se lle pagou o contratista e estamos a falar de seiscentos mil euros neses dous paquetes.

Sr. Alcalde: de que ano é esa obra.

Sr. Manuel Cendán: Non o sei.

Sr. Alcalde: Claro pando eu co dos anteriores.

Sr. Manuel Cendán: Julio estamos falando da debeda que ten o Concello,.

Sr. Alcalde: Eu non son o Interventor.

Sr. Manuel Cendán: Pero en facturas que presenta CONCIFA.

Sr. Alcalde: Están sin conformar e o sabes.

Sr. Manuel Cendán: do anterior Alcalde do Sr. Vilasánchez hai facturas dun camiño de Os Galgos que o mandou facer Suso, e non se lle pagou, e mira a pila de anos que ten.

Sr. Alcalde: Eu non vou a pagar nada que non este conformado.

Sr. Manuel Cendán: Haber Julio, a factura do POS, o POS hai que pagalo, queiras ou non.

Sr. Alcalde: O que este conformado se paga, se lle dixo que non o que estaba prescrito e o que non este conformado. E alguen terá que decirlle a xuíz quen encargou esas obras, porque eu non as encarguei.



Sr. Manuel Cendán: Eu estou falando dunha que é de maior contía, se quitou a obra a subasta, a colleu AQUAGEST, como Aquagest ten moito traballo de tarda unha pila de anos en facela, a colleu a fixo, se certificou, se mandou á Deputación e a Deputación mandou o diñeiro para aquí, e esa obra hai que pagala e punto e non se lle pode dar mías voltas, non penses que votei a man para arriba, non o penses.

Sr. Alcalde: Eu non son Interventor nin ti tampouco, vamos a centrarnos no que nos ocupa, a debeda do Concello de Ares son 1,8 e 2,8 e suman 4,6 millóns, o que ti dis ou esta prescrito ou non está conformado, e non o digo eu o ten que dicir o Secretario Interventor, e o di nun informe por escrito eu que queres que faga, eu non podo pagar nada en contra dun informe técnico.

Sr. Manuel Cendán: pero Julio eu non estou discutindo que eso non sexa así, pero o que estou dicindo e que a obra do POS, hai que pagala, eu do resto non vou a discutir, pero esa mandou o diñeiro a Deputación.

Interven o Sr. Secretario, para aclararlle ó Sr. Manuel Cendán Fernández, no referente a que eu non fixen constar o que di o informe da Deputación, eu todos os anos no meu informe da Conta Xeral e da Liquidación, poño estas contías e este ano volven a figurar, o podo demostrar esta nos informes e nas actas.

O Sr. Manuel Cendán: Eu me refería á literatura, se lle facemos caso a literatura deste Informe económico que fan os técnicos da Deputación, o di aquí.

Acto seguinte sometese a votación a proposta da Alcaldía de rechazalas alegaciónes e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, e 1 NAL), e 6 votos en contra (4 PP e 2 BNG), acorda:

- 1.- Desestimar as alegaciónes presentadas polos grupos municipais do PP e BNG ao orzamento 2012.
- 2.- Aprobado o orzamento do exercicio 2012.
- 3.- As referencias temporais referentes ao exercicio 2012 contempladas no Plan de Axuste aprobado polo Pleno na sesión plenaria do día 28 de marzo de 2012, prevalecerán sobre as previsións orzamentarias do 2012, entendendose modificadas estas últimas por dito Plan de Axuste no que lle sexa de aplicación á dimensión temporal 2012.

PUNTO 9º.- CREACION SE PROCEDE DA COMISIÓN DE COORDINACION DO PXOM.-

Dase conta da proposta da Alcaldía que seguidamente se transcribe:



PROPOSTA DA ALCALDÍA.

COMISIÓN DE COORDINACION P.X.O.M.

Vistas as alegacións presentadas polos grupos políticos P.P. e B.N.G. ao orzamento.

Dado que por esta Alcaldía en uso das súas facultades, concedeuse amplias delegacións aos componentes da Corporación, segundo as resolucións dictadas pola mesma, estimando necesario dispoñer dun órgano colexiado con carácter formal que coordine e controle o exercicio de tales facultades, neste caso, áreas afectadas polo P.X.O.M. propónse a creación da **COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO P.X.O.M.**, que estará integrada por tres membros :

- Coordinador : Sr. Luis Cendán Fernández, que ostenta delegación especial para cometido específico da tramitación dn P.X.O.M.
- Vocais :
 - * Sr. Alcalde, como membro nato da Comisión.
 - * Dñ¹. Olimpia Marcos García, Concelleira-Delegada de urbanismo, plans, equipamentos, infraestruturas e medio ambiente.
- Secretario : Sr. Javier Romero Martínez, auxiliar administrativo de urbanismo.
- Asesores: Sr. Benito José Calvo Castro, técnico municipal.
Sr. Alfonso Portela Martínez, técnico municipal.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que é público e notorio, que o grupo de goberno acadou co grupo de NAL un pacto, para a elaboración e loxicamente a aprobación do Plan Xeral de Urbanismo, evidentemente está claro que a aprobación das Normas Subsidiarias ven a resolver en grande medida os problemas existentes no ámbito urban, pero nos nucleos rurais e no rústico, segue mantendo unha situación moi difícil para os propietarios de inmobles neses ámbitos, en consecuencia efectivamente necesítase unha Comisión de Coordinación dos traballos e tal e como xa veu no orzamento no seu momento, xa falamos noutros Plenos, esta Comisión de coordinación estará loxicamente presidida polo Coordinador que é Luis Cendán Fernández, que ostenta a delegación especial para o cometido específico, para a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal e estará integrada como vocais, por min mesmo co Alcalde, e pola Concelleira Delegada de Urbanismo Olimpia Marcos García e como Secretario estará o Auxiliar Administrativo de Urbanismo Javier Romero Martínez, e como asesores os técnicos municipais Alfonso Portela Martínez e Benito José Calvo Castro, en consecuencia está é a proposta que traemos a este Pleno.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farías: Nos cremos que isto non é a maneira de facelo, cremos que a maneira de facelo, e como fixechedes no ano 2008, cando creachedes a Comisión do PXOM e que era a Comisión



Informativa de Urbanismo, porque nesa Comisión teñen participación todos os grupos, aquí o que se trata e de facer o PXOM e que todos os grupos teñan participación, supoño que quixeríamos eso non, esto non é mais que xustificar dalgunha maneira ese pacto, que non sei porque ese empecinamento en facelo desta maneira, e non facelo real como é, isto é un pacto de goberno, aquí a milonga de que esto so é para a coordinación do PXOM esto xa non cola, esto nuns plenos anteriores con acordos importantes se veu cal era o acordo a chegar, entre o goberno e o NAL, entónces o mais loxico en vez de gastar aquí o diñeiro en crear outra Comisión o máis loxico sería integrar a Luis Cendán no grupo de goberno, porque así aforrábamos unha Comisión non había que pagarlle esta cantidade pola presidencia da Comisión, e a Coordinación do PXOM eu creo que a temos que facer entre todos, obsexa polo menos o que é información, outra cousa é que xa teñades claro a maioría xa a tedes no Pleno NAL e PSOE para aprobar o PXOM, tamén a teríades na Comisión, obsexa que hai non variaría para nada esa maioría, pero nos teríamos polo menos a capacidade para poder escoitar e opinar sobre un tema tan importante como é o PXOM porque desta maneira o único que nos estas obrigando os que non participamos no PXOM é a que votemos en contra, porque si se vai a someter a votación un tema, onde nos non podemos nin falar nin escoitar siquera, pois que se nos están dicindo votade en contra que esto xa o arranxamos entre o NAL e o PSOE, entónces nos creemos que a coordinación non pode vir así como esta, e creemos que debe haber esa valentía e recoñecer que é un pacto de goberno e meter a Luis Cendán no grupo de goberno para que dalgunha maneira sexa o que ten que ser, e non andar mintindo nin nada máis.

Toma a palabra o voceiro de P.P. Sr. Manuel Cendán: Eu creo que xa me referín a isto,creo que esto non ten razón de ser, porque como dixen anteriormente o tema do Plan Xeral non ten ningunha presión urbanística, e dicir que o único que o Plan Xeral ten, e o casco urbano que hai recollelo como esta nas Normas Subsidiarias aprobado, e despois o que temos que defender nada máis son os nucleos de poboación, o mellor por parte nosa loitaron algún nucleos de poboación que poidamos colar, como pode ser, o Alto de Simou, ou o outro hai en Rodelas, creo que son dos nucleos de poboación que habería que loitar por eles, son nucleos históricos, hai unha serie de casas, e unhos servicios que hai que dar, e o tema de Rodelas exactamente igual porque é un nucleos histórico de Ares, e creo que non esta recollido no Plan do Ano 1999, o único esa loita, pero o resto nin vai a ter un problema nin por parte da Xunta que nos poña pegas, creo que nace isto para buscar un acomodo ó pacto de goberno, e creo que como dixen anteriormente que integralo na Xunta de Goberno ou como dixen facer unha delegación especial de Facenda e non esta, con respecto ó tema das persoas que a van a formar, dicir que desde que se convocan as eleccións e se forma a Corporación, se fai unha Xunta de Voceiros se designanas Comisiós, se poñen os membros, e creo que isto non procedeu como o resto das Comisiós Informativas, nos non temos ningún intereses, de verdade, nos desde o PP non lle damos maior importancia o tema do Plan Xeral porque hoxe en día non o ten e creo que como xa se dixo aquí, esta Comisión é unha tapadeira para un pacto de goberno, que así se ve, e por exemplo se meteu un asesor, e se deixa fora, que varias veces



se reitorou por parte do Sr. Alcalde que era unha persoa moi importante que coñecía todo o término municipal e non esta aquí, están os dous apareladores municipais, pero falla esa persoa que está contratada como asesor do Alcalde para o Plan Xeral, que non está metida aquí e que asiste ás comisións porque eu o vin, na sa de xuntas reunido con Fernando Delgado o Concelleiro este Delegado a Concelleira de Urbanismo e os Técnicos Municipais, e creo que aquí debería de vir tamen, falla a persoa que precisamente se lle vai a pagar unha adicación e non esta aquí de asesor, dicir que nos vamos a votar en contra porque entendemos que esto non ten razón de ser o gasto vai a ser o mesmo non se incrementa o gasto porque o único que vai a cobrar é o coordinador, a Concelleira non pode cobrar, e os técnicos municipais tampouco, pois polo tanto non habería repercusión económica, si se pode meter na Comisión de Goberno porque é a mesma contidade e si se podía facer que era o que este Concello necesita unha delegación no tema económico porque é o problema que temos a corto, a medio e a longo prazo, polo tanto nos vamos a votar en contra de esto, porque é unha xustificación que se fixo entre os dous grupos de goberno de buscarlle un acomodo ou unha situación a explicar a cidadanía que a desculpa é o Plan Xeral, e o Plan Xeral como queda claro non é ningunha desculpa, non é ningún motivo porque o Plan Xeral non ten presión, nin ten nada de nada, e como dixen anteriormente o único que temo que loitar no Plan Xeral e sobre os nucleos de poboación e ningunha outra cousa, e que por parte da Xunta non nos metan moitas zancadillas e podelo quitar adiante, do resto o Plan Xeral se se fan as cousas con transparencia e con normalidade non vai a ter ningún problema.

O Sr. Alcalde-Presidente, manfiesta que o Plan Xeral se está redactando cun equipo que resultou adxudicatario no concurso correspondente da redacción do mesmo, e loxicamente ese equipo está claro que ten moi presente o que son as circunstancias e condicionamentos técnicos pero a estratexia do deseño do Plan, loxicamente corresponde a decisión políticas, como vai a ser Ares nos próximos anos, que prevalece en materia de equipamentos como se vai a debuxar loxicamente un ambiente agradable no entorno das zonas verdes, que se vai a facer en situación que están efectivamente en risco como A Xunqueira e a protección que se lle vai a dar á mesma, como se responde á demanda de vivenda unifamiliar, porque esa demanda existe, en Ares hai oitocentos pisos sen vender pero non teñen demanda, son pisos diseñados para unha segunda residencia, pequenos, incomodos, sen servizos, e en consecuencia nunha situación de crise, a segunda residencia, efectivamente non existe porque a xente restrinxen efectivamente, a xente o que non necesita é situacións difíciles, e para primeira residencia non vale, porque quen se casa non pode comprar un piso de cincuenta metros cadrados dunha habitación, cando xa se ten un fillo ou se ten dous xa ten que camibar de vivenda, en consecuencia o parking de vivendas que existe en Ares está orientado á residencia de verán, está orientado a ser unha segunda casa onde as comodidades as tes na primeira, e eso loxicamente non satisface as demandas da xente que quere vivir aquí todo o ano, e ademáis efectivamente tampouco satisface efectivamente o nivel de esixencia dunhas clases medias altas que hoxe siguen loxicamente podendo adquirir vivenda, porque son funcionarios ou son empresarios, quen tiña diñeiro segue tendo diñeiro,



senon efectivamente a bolsa pecharía, se segue invertindo en bolso e se segue mercando debeda pública, pero esta claro que hai unha demanda importante en vivenda unifamiliar que non está satisfeita, aquí o Concello ven xente que quere unha vivenda unifamiliar e non a ten a venda e onde a pode construír e rústico, entón está claro que a gran riqueza que vai a xenerar o Plan de Urbanismo en Ares vai a estar ligada á vivenda unifamiliar, porque o piso está saturado o Mercado, en consecuencia pois hai unha sobre oferta, pero si é certo que os propietarios dese solo que pode dar satisfacción á vivenda unifamiliar tanto propio como allea pois loxicamente teñen solo rústico, e en consecuencia claro que demandan un Plan Xeral de Ordenación Municipal es demanda existe, a xente quere que redactemos o Plan Xeral, porque en Ares hai pequenos constructores que viven de facerlles casas os veciños, e que saben efectivamente que eso abre demanda, en Ares hai xente que hereda dos avós unha pequena parcela nunha parroquia e ó prezo que están os pisos, di que por ese prezo me fago eu a miña casa, e efectivamente esta claro que o Plan de Urbanismo permite ese crecemento, o grupo de goberno non ten maioría o Plan Xeral de Ordenación Municipal efectivamente se ven o Pleno so contaría co apoio do grupo de goberno que somos seis, e se necesitan sete votos e en consecuencia efectivamente desde o grupo de goberno, salvo co grupo popular, efectivamente, inicio contactos co BNG e con NAL, os efectos de conseguir acadar un acordo no ámbito do Plan Xeral, o BNG resposta por escrito que prefire ver o documento e que unha vez que este o documento o xulgaran e faran aportación ó mesmo, pero loxicamente deciden esperar a que este o documento, non queren facer o documento con nos, din que o apoio do BNG ó Plan será vendo o seu contido, bueno pois vale, o faremos nos, e cando o teñamos o ensinamos e haber si o apoiades ou non, e as aportacións que podedes facer, pero o modelo de colaboración o elixichedes vos, eu vos fixen unha oferta de colaborar e vos elesichedes a maneira de colaborar, disechedes que a vosa posición dependerá do contido do documento, a min parece ben pero o documento hai que facelo, e efectivamente NAL ofreceuse a facelo, por certo o BNG se lle dixo que si eles decían que non, nos seguiríamos a buscar apoios, e así o fixemos non enganamos a ninguen, e efectivamente Luis puxo unhas esixencias importantes que é ostentar a coordinación do mesmo, si el loxicamente vai a colaborar con nos, el soamente é un concelleiro na corporación, e loxicamente nesa negociación efectivamente esixe transparencia e non hai maior transparencia de que o documento máis importante en materia urbanística dunha Corporación o leve un Concelleiro da oposición, porque é que Luis é un Concelleiro da oposición, colabora con nos e nos apoia pero os que decidimos o ámbito de colaboración fumos nos, e se non está na Comisión de Goberno é porque non é un pacto de goberno, e non está na Comisión de Goberno porque os dous decidimos que non este, e non vades a dicir vos como temos que entendernos nos, so faltaría, xa o que falta que a este Goberno o BNG e o PP lle neguen o pan e a sal e logo queiran dicir como temos que traballar o NAL e o PSOE, obsexa xa ten mandanga que o NAL e o PSOE teñan que colaborar ó voso gusto, pois non non colabora a voso gusto, colabora ó noso, e efectivamente para Luis estar na Comisión de Goberno é incomodo porque non comparte moitas cousas das que nos facemos porque é que non as comparte, e sen embargo si podemos entendernos no ámbito do



urbanismo, el non quere asumir máis responsabilidade que á do Plan de Urbanismo, non quere compartir moitas das políticas do grupo de goberno porque efectivamente non comparte moitas das políticas que por certo se deciden na Comisión de Goberno non no Pleno, a Lei de Bases é Presidencialista e o 90 por cento das decisións que nos atañen diariamente son competencia da Comisión de Goberno non veñen a Pleno, porque na Comisión de Goberno se goberna e moitas desas decisións que se toman todos os días non son compartidas, porque é onde se goberna, na Comisión de Goberno se goberna, e bueno pois restrinximos a nosa colaboración ó Plan Xeral, e de acordo cos términos negociados, e estes termos están ahí, el lidera o proxecto presidindo efectivamente a Comisión de Coordinación, a Alcaldía Presidencia asume dictar esa Resolución que viu a Pleno, e efectivamente se integran nesa Comisión o Alcalde e a Concelleira de Urbanismo, e do mesmo modo que o grupo de goberno ten asesores, por parte de NAL tamén ten loxicamente tamen ten nese sentido a súa colaboración, ou non vedes que cando estamos reunidos que por parte da Alaldía ven Ramón Lueje, bueno pois por parte de NAL vira quen diga NAL, e efectivamente eses son os términos do pacto, e non os gustan eu o comprendo, pero eso é o que dous grupos autónomos loxicamente deciden, porque eu efectivamente sen dubida algunha sei contar e somos seis, e o Plan Xeral de Ordenación Municipal, é unha garantía loxicamente ter desde o principio unha virtualidade de ser aprobado, que faciamos na anterior lexislatura, o que facia o equipo redactor co Alcalde e o Concelleiro o levábamos á Xunta de voceiros, pois agora é igual, o que fai o equipo pero agora non é co Alcalde e o Concelleiro, é con Luis o Alcalde e o Concelleiro sigue indo a Xunta de Voceiros, a información non os vai a faltar vai a ser igual que antes, pero vai seguir existindo esa Xunta de voceiros efectivamente do equipo de redacción do Plan, porque o que vai a Coordinar Luis son os traballos técnicos, e a extratesia política, e eso vaise levar a Xunta de Voceiros para dar conta os voceiros, e vos ahí podedes aportar porque é o voso espacio, estades fora deste pacto, pois voso espacio é a Xunta de Voceiros, e loxicamente nesa Xunta de Voceiros se vos dará conta de todos os pasos, todo o que salla do equipo de redacción coordinado por Luis se vai dar conta na Xunta de Voceiros, a dinámica vai a ser a mesma, o que pasa é que na antesala da redacción entra un concelleiro da oposición a coordinar as labours de traballo bueno pois eso é o Alcalde do acordo e esperemos que teña como froito un Plan Xeral para Ares, que nos sirva para dar satisfacción a todas as expectativas, que a cidadanía e que nos como grupos políticos temos en mente de cómo debe de ser Ares en materia territorial pois os próximos anos.

Interven o SR. Luis Cendán, por alusións: vou a intentar ser o máis breve posible se me fixeron moitas alusións e parte de elas se non as respostado parece ser que teño algo que ocultar e nada máis lexis da miña intención é ocultar nada, senón soamente dicir a verdade e a transparencia, e polo menos respostar algunha das cuestións que por parte da cidadanía que neste caso poden ter dúbidas, vamos a ver en primeiro lugar dicir que eu entrometerme na vida interna dun partido, o que debe reivindicar ou os intereses que nese momento ese partido teña, creo que é unha cuestión interna, outra cousa é que as opinións, os acordos, ou as decisión que se tomen por parte, dos partidos gusten ou non gusten, neste caso



seguramente polo que se está escoitando hoxe aquí, non lle gustan a dous partidos en concreto de que por parte do NAL e por parte do PSOE se chegara a un acordo concreto neste tema como é o Plan Xeral, eu quero dicir a verdade porque ademais non hai outra razón por parte do Alcalde se me invita a unha reunión para ofrecermos isto que eu non sabía nin que se me ía a dicir, cando me dixo o plantexamento do Plan Xeral, eu Alcalde corrixíame se non é verdade o que vou a dicir, lle dixen eu creo que o primeiro paso para págalo debes de págalo co BNG, eso foi o que lle dixen eu como portavoz ó Sr. Alcalde, o Sr. Alcalde me respondeu que por parte do PSOE se lle envía unha circular ó BNG e este se nega a pactar o Plan Xeral, isto é o que acaba de afirmar o Alcalde, entón temos unha segunda reunión eu digo que o vou a consultar cos nosos afiliados, se decide entablar negociacións por parte nosa co PSOE para este tema concreto e foi ó que se chegou, eu creo que temas ilícitos aquí non hai ningún, en canto ó tema do presuposto ou da estabilidade que poda ter, se o Sr. Alcalde se dirixe a mín, fan un voceto, e eu lle digo, o orzamento na miña opinión debe de ser así, así, así debe de ir nestas condicións, se me aceptan todas, eu formo parte dese orzamento teño que votalo, eu non vexo nada ilexítimo, eu como vou a dicir que non a algo no que participei, as propostas que eu lle dixen o Alcalde se me aceptan o 100% simplemente por coherencia eu teño que votar que si, pode gustar ou non pode gustar e esa é a realidade. En canto ó tema da importancia do Plan Xeral, home vir a estas alturas a dicir que o Plan Xeral non ten ningunha presión neste momento, nunha situación de crise como temos, que os ingresos do ICIO son os que son, e hai unha presión de vivenda unifamiliares, que veñen continuamente a ver que situación se lle pode dar ó terreo, sabendo que están imperando as Normas Subsidiarias eu creo que eso é un exceso ou un descoñecemento Real da situación que estamos atravesando nestes momentos, polo tanto eu creo que é un tema fundamental, non sei si seremos capaces de quitalo ou non, dicir que hai xa moitas horas traballadas neste aspecto, dicir que hai moita información xa recabada, facilitándolle o Equipo Redactor nestes momentos información que non tiña, se está coordinando todo isto, e o que se pretende é facer un documento no que todos nos congratulemos do traballo feito. En canto á participación do resto de grupos na Comisión, non se pode dar información algunha porque de momento se están sentando as bases de cómo debe de ir, e sobre as reunións por parte do Concello ou da Comisión que se despraza a falar cos técnicos onde afecta o Plan Xeral, se están trantando de chegar a unhas conclusións, que xa non é que nos non o teñamos claro o Equipo Redactor, incluso en técnicos da Xunta hai criterios diferentes e eso é o que se desprende das últimas reunións que hai, polo tanto mentres non nos digas as directrices non sabemos por onde podemos ir, non xa so os Políticos incluso tamén os técnicos, esa información mentres non se teña non se pode dar, estamos xa digo tratando de marcar as liñas directrices no que vai a consistir o Plan, fai falla unha documentación a pe de campo, que é necesaria e moi laboriosa, están xa digo, dando os primeiros pasos neste sentido, e cando exista algunha información de estrutura pois se dará ir á Comisión e non hai ningún problema, xa digo a día de hoxe o que se leva traballando son bastantes horas por parte de moita xente neste tema, e desgraciadamente non hai nada, porque mentres non teñamos as directrices non se poden facilitar. Polo tanto dicir que é o



documento máis importante que ten o Concello e creo que é un documento que debe de ir completo, onde todos deberíamos estar orgullosos polo menos nun marxe de dez ou doce anos que exista algo solido onde se poda utilizar á hora de dar unha licencia e aplicar a lexislación urbanística no Concello, sen ningún tipo de medo ou dificultade a hora de facer un expediente, porque sabes que son temas complicados son temas opinables e as veces hai unha controversia entre as partes, polo tanto eu creo que é un documento que debe de ir o mellor posible non sei se o lograremos eu espero que sí, teño esperanza de que eso se leve a bo porto e polo tanto a día de hoxe a información que eu teño ata agora, e a que eu creo que estou dando, non hai nada máis do que eu estou dicindo, mentres non exista nada concreto non se vos pode dar, e esa é a situación real a día de hoxe, e pola miña parte queda todo explicado.

Interven o Voceiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Mesías Farías: Haber se nos centramos, o tema que ven aquí é a creación da Comisión Coordinadora do PXOM, pero claro se sacades o que x atemos falado outras veces, temos que volver a incidir, Luis eu non creo que o Alcalde te dixera que o BNG se negará a pactar o PXOM, porque nos eso non llo dixemos.

Sr. Alcalde: Nos termos que lle ofrecín a el si, porque a el lle ofrecín redáctalo desde o principio, e vos dixechedes que non que a vosa posición respecto o Plan Xeral dependería do contido do mesmo.

Sr. Mesías Farías: porque o documento xa estaba elaborado.

Sr. Alcalde: Haber, as cousas son como son, houbo unha oferta sincera por parte do equipo de Goberno, hacia o BNG, esa oferta foi en xuño e nos respostachedes en setembro, estivemos esperando dous meses e medio, pero en calquer caso está aquí o tenente de Alcalde que se dirixiu a vos, que tiñades que reuniros e é normal que se esperara ata setembro porque estaba o verán polo medio, a min non me parece razoable, eu creo que o Plan Xeral non se deixa de ser Concelleiro en Xullo e Agosto pero bueno, en calquer caso houbo unha oferta sincera, non pudo ser, pero que os pareza mal que se alcanzara un pacto con outro grupo, xa é o can do hortelan, nin comer nin deixar comer, e a min eso non me parece razoable Emilio.

Sr. Mesías Farías: Non Julio e que non é eso o que nos parece mal, a oferta foi sincera e a resposta do BNG foi sincera, porque o documento estaba a chegar, ti nolo dixechedes, nos teñen que entregar o documento, entonces nos dixemos falaremos á vista do documento, hai non existe ningún problema, os pactos, podes pactar, pero logo nos temos unha visión política que é a que temos que defender, eso e unha cousa, outra cousa claro que é importante o Plan Xeral de Ordenación Municipal, Luis o acaba de dicir que é o máis importante, pois claro que é o máis importante, por eso nos dicimos que debe de ser por consenso e se non pode ser por consenso que sexa da mellor maneira posible para intentar levar as cousas ben, e quero recordarche unha cousa Julio, tivemos un debate da radio galega en plena campaña electoral e



ti me diseche que o Plan Xeral de Ordenación Municipal so sería posible se era co consenso de todos os grupos, e eu che dixen que por ahí ías mal, e che dixen porque si o PP decide non aprobar o Plan Xeral de Ordenación Municipal, non vai a haber Plan, e ti diseches que so o vai haber se é por consenso de todos os grupos, pois hai unha cousa na que agora estamos de acordo vale, o que eu pensaba antes que ti non o pensabas, ti xa o pensas agora, bueno pois agora estamos de acordo, é loxico, outra cousa, maioría absoluta, pois si a maioría absoluta xa a tes, vamos a ver se ti xa negociache con Luis a maioría absoluta porque hai que crear esta Comisión de Coordinación, meteo en algún sitio ou dalle o que lle tes que dar que é o que el che pide a cambio pero non crees unha comisión de coordinación do PXOM porque nos entendemos que a maneira tiña que ser a forma que fixeche ti no 2008, que era xuntar a Comisión Informativa de Urbanismo e nunha reunión mensual falar de cómo ía o PXOM. Outra cousa que nos esta dicindo Luis e ti tamén, que haber información, pero si nos nos enteramos da primería publicación do Informe ambiental de chiripa e cando dixemos de que por non se nos informou a tua resposta foi que o podíamos consultar na páxina da Xunta, pero non estaría de máis dicir que este paso está dado, se queredes o podedes consultar, nos non temos esa información, e que nos non estamos pedindo nada do outro mundo, e dicimos o que dicimos sempre, este acordo non é so con respecto o Plan Xeral de Ordenación Municipal, porque vamos a ver, aquí levamos un tempo e xa nos coñecemos, non é solo eso, e sabemos que o acordo de fondo é Luis no que estes de acordo con nos o votas a favor e no que non estes de acordo te abstes e o levamos para diante sempre e cando o tema sexa de interés para nos, e que o estamos vendo, e non hai máis que leer as intervencións de Luis antes de e despois de sobre todo en materia orzamentaria por exemplo, ou non hai máis que remitirse a cando Luis a proposta do BNG a respecto da adicación exclusiva do Alcalde, non se debería de haber adicación exclusiva do Alcalde que todos estamos de acordo en que sí, senón de onde se ía a sacar ese diñeiro, e como se debería de calcular que tiña que ser o respecto tamen do que cobran os demais concelleiros con adicación exclusiva e parcial e tamen aqueles asesores, ahí Luis votou a favor da nosa proposta, e os quince días a tumbou votou en contra nos orzamentos, porque, porque houbo ese acordo, eu non estou improvisando, estou falando según o que sucedeu.

O BNG claro que quere facer o PXOM, pero como non o vai a facer se levamos anos e anos dicindo que o PXOM é o máis importante para o Concello, logo nos non esiximos outra cousa, nos esiximos o de hai catro anos, e nos estamos de acordo en que hai cousas que son competencia da Xunta de Goberno, e nos eso nunca o poñemos en cuestión, o que dixemos e que nos como grupo político temos unha opinión a respecto das decisións que se toman no grupo de goberno, e entonces cando foi a creación das Comisións Informativas, nos dixemos que se debería de manter as cinco comisións que se mantiveron na lexislatura pasada porque entendemos que era a mesma maneria de traballar e a tua resposta foi que non, que tiñan que ser seis porque somos seis Concelleiros, esa foi a túa resposta, e porque agora esta nova Comisión, porque agora sodes sete, entonces nos o único que dicimos é que a importancia do PXOM é tan sumamente real, como para dicir que se non o facemos así o PXOM non se pode



facer, e eso é totalment falso, porque nos queremos colaborar co PXOM, nos queremos ter participación, pero non te vamos a dicir como o tes que facer, pero non xustificques dicindo que esta maneira é a única vía porque tes a maioría absoluta, e se non a tes así desta maneira antes da Comisión a tiñas doutra maneira, porque aquí a túa maioría absoluta que tes agora, que é, pois é darlle a Luis o que cobra un membro do equipo de goberno, el vai a cobrar o mesmo, e tamén o nomeamento dun asesor que lle vai a dar a unha persoa que foi con el na lista. Hai outra maneira de facelo, fagamos a comisión de seguimento do Plan como se fixera no ano 2008 todos vamos alí, todos partipamos o equipo redactor fai o seu traballo, nos opinamos se total xa tes a maioría Julio, e a tes no Pleno e a tes na Comisión.

Interven novamente o SR. Manuel Cendán: Eu quero resaltar algún puntos, dicir que ninguén di que non sexa importante o Plan Xeral o que eu dixen e sigo mantendo é que o Plan Xeral non é un tema agobiante nestes momentos para xustificar o que se está xustificante que é un pacto de goberno e punto, parte dunha persoa que non tivo experiencia nunca en urbanismo e si a tuvo en Facenda que foi os oito anos que tivo responsabilidade, porque digo esto polo Plan Xeral, porque o Plan Xeral hai que adaptarse á Lei do Solo de Galicia un Concello de dezaioito quilómetros cadrados que practicamente un tercio da súa extensión e espacio natural como pode ser Montefaro, espacio paisaxístico, cumprir coa lei de Costas porque somos practicamente unha península, estamos rodeados do mar por todos lados excepto por un, que temos que cumprir o POL que estamos enconsertados que non hai maneira de estar aquí, cando un ten experiencia que veña aquí e lle conten esta milonga, ten que dicir haber, haber, co PP non se falou, se presentaron aquí as modificacións as Normas Subsidiarias que practicamente é o 80% do Plan Xeral e se votou a favor e non pasou nada, e non soamente no Casco Urbano estamos falando da normativa, se aprobou a normativa, se aprobou o caso urbano de redes, se aprobou o de Ares e non se aprobaron os nucleos porque non se pode entrar ahí, e o único que hai que facer e defender son os nucleos de poboación e que o Sr. Alcalde me veña a mín dicindo que el ten a Ramon Lueje, eu teño que aclarar unha cuestión sobre este señor, este señor foi director Xeral de Urbanismo, este señor no ano 2005 foi o que se cepillou o Plan Xeral e que o ten encorsetado, e é alucinante que este señor este agora de Asesor, nos ten encorsetados polo informe do ano 2005 que asinou el, este señor foi Director Xeral da Xunta de Urbanismo na etapa anterior foi o que fixo informe que mandou baixar unha altura na Rua Real, nos polígonos, o Mazote deixalo en solo rústico común, non poñelo en urbano, bueno e agora esta de Asesor, hai cousas que de verdade que a mín me sorprenden. Quero dicir que o Plan Xeral non ten tanta reunión porque estamos encorsetados, o Plan Xeral temos que defender os núcleos de poboación, e o único, e din dous nomes máis, se podemos e a Xunta nos traga co tema do Alto de Simou e co de Rodelas que poidamos meter, pois mira que felices todos, e que nos non vamos a ter ningún problema e o vamos a loitar, e o Plan Xeral que se presentou no ano 2005 a política urbanística en Ares ten que ser de expansión os nucleos de poboación porque o caso urbano está xa saturado, non da máis é un Concello pequeno, está collido pola Lei de Costas, polo POL, por espacios naturais, estamos encorsetados estamos falando, de practicamente nada e o único que nos queda neste Plan



Xeral e defender os nucleos de poboación, e punto e non lle den máis rollos a eso, que non ten mais rollos, e para eso se encargou a unha empresa que leva quince ou dezaseis anos traballando eso que o coñece como a palma da man, calquer esquina, calquer detalle, porque desenrolou practicamente todo e fixo os dous Plans e este é o terceiro que fai, e o sabe de memoria e non fai falla, chamas o técnico e lle falas e non fai falla ningún plano xa te di, non ten que coller nin o Plano na man porque o coñece de memoria, esto se fai porque se ten que facer, e se non conta con nos é seu problema, xa o dixer nos votamos sen ningunha negociación, sen ningún problema, e quero deixalo claro aquí, no ano 1999, cando se foi no 1998 nos enteramos polos viaxes que viñan nas RESolucións da Alcaldía que se ía a Coruña, nos enteramos que se estaba facendo un Plan Xeral, presentamos dezaioito alegacións e non se quixeron nin discutir, nunha comisión de urbanismo o grupo de goberno se nos levantou e non quixo discutir as dezaioito alegacións que fixemos como grupo político e foi cando se armou o lio e nos cando chegamos o goberno fixemos cousas fundamentais para o futuro de Ares como pode ser a rotonda, que non estaba metida nun Plan Xeral, fixemos unha modificación para meter a rotonda, que era tercer mundista, fixemos o vial aquel e buscamos unha solución a toda a zona alta do Castillo, o tema do campo de fútbol que eu o heredei, no ano 1998 se deu licencia, pagaron vintecinco millóns por aquela licencia que ía todo en edificación eso nos plantamos e fun eu quen non deixou levantar o edificio, e busquei a suspensión da licencia e perdeu mil e pico metros cadrados de edificabilidade, estamos falando do casco urbano e no mellor sitio de Ares, e fixemos unha modificación puntual e tragaron por ahí, e grazas a eso temos un parque alí, e o edificio dos máis bonitos que hai en Ares, grazas a esa modificación que nos fixemos no Plan Xeral, a cal xa levábamos que alegación e non se quixo escoitar polo grupo de goberno municipal, porque ahí ían tres edificios máis como está o primeiro, onde esta a Ría e ían así, nos paramos mandei o arquitecto municipal alí, que non levantaran, e fixemos un expediente de caducidade de licencia e lles obrigamos a eso, fixemos a modificación tardou ano e medio ou dous e grazas a eso temos ese edificio ahí que polo menos ten unha zona verde e bonito que quedou, por eso vos digo que o tema foi así, nos no avance do Plan no 1999 votamos a favor, o que pasa que foi unha equivocación e sempre o dixer, e o digo porque teño que dicir a verdade o culpable non foi Salvador porque Salvador quería negocia e discutir as alegacións, o culpable foi Rodríguez Doval foi o que dixo que el non perdía o tempo en discutir as alegacións e se levantou e se armou o lio esta foi a verdade, o Avance das Normas as aprobamos por unanimidade de todos os concelleiros, a mín nin que os reunadas cuarenta veces, como por lei nos tedes que dar o documento, o documento en duas horas se revisa que son catro planos, e este Concello non da para máis, e no momento que nos deis o ese, e ten que estar a exposición pública un mes nos vamos a dicir o que teñamos que dicir e nada máis, e xa vedes que non temos interés, agora o verdadeiramente importante quero dicir eu agora e o futuro do Concello que é unha persoa que pode votar unha man é no tema económico pois aproveitala ali, tedes que facer un pacto de goberno e un apoio como foi quitar os orzamentos e os temas serios que viñeron ata o día de hoxe, que vote unha man ahí pero esto non, que non ten importancia ningunha e eu non lla dou, dame igual que te xuntas



cos técnicos de urbanismos, co equipo redactor que veña Lueje porque esto non da para máis, é un Concello moi pequeno e estamos moi encorsetados, aquí non se poden grandes políticas urbanísticas porque esto non da para nada, antes eran 100 metros agora son 200 metros no ano 2003 quinientos metros, agora ben o POL o espacio natural que temos de Chanteiro, os espacios paisaxísticos, non da máis, o que é o caso urbano de Ares, está masificado a urbanización, e o que temos que loitar e o que nos queda á Corporación é o dos nucleos de poboación, que eso ía no 2005, que algún veciño que teña unha finca que quera facer unha casa unha unidade familiar que é por onde ten que ir e nada máis.

Sr. Alcalde, poñemos fin ó debate porque xa está todo falado.

Acto seguinte sometese a votación a creación da Comisión de Coordinación do Plan Xeral e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 1 NAL) e 6 votos en contra (4 PP e 2 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENCE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta as Resolucións adoptadas pola mesma dence a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 11.- MOCIONS E PROPOSTAS.

A) PSdeG-PSOE “FRAGAS DO EUME”.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal Socialista de Ares, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O pasado sábado día 31 de marzo declarábase no municipio da Cápela un incendio que afectaba ao paraíso natural das Fragas do Eume.

En poucas horas as lapas devoraban o Parque Natural das Fragas do Eume que conforman o bosque atlántico máis grande de Europa, no que é sen dúbida a maior traxedia medioambiental e ecolóxica das últimas décadas.

Logo de 3 anos de recortes que acadan os 22 millóns de euros para políticas destinadas á xestión e ordenación do monte e á prevención de incendios, no inverno máis seco dos últimos 50 anos, un lume de grandes dimensións arrasaba máis de 750 ha do Parque Natural, segundo os datos aportados pola Xunta de Galicia, obrigando ao Goberno a decretar o Nivel 1 e a desalojar a máis de 200 vecinos pola proximidade do lume ás vivendas e a mobilizar a UME, diante da falta de previsión e da irresponsabilidade do Goberno de Feijoo que co monte completamente abandonado e pese ás condicións de extrema seca, non tina despregado no monte todos os recursos co fin de garantir a defensa das persoas, das súas propiedades e do territorio, cando neste ano en apenas 3 meses os incendios forestais arrasaron o 76% da superficie afectada polos lumes durante o ano 2008.

Os parques naturais, o noso patrimonio natural máis valioso non foron nestes 3 anos alieos á política de austeridade mal entendida do goberno Feijoo e as consecuencias dos recortes nos fondos dedicados á conservación, protección e posta en valor deste patrimonio natural son evidentes no incendio das Fragas do Eume como hai escasas datas o eran no Macizo Central ourensán e noutros espazos protexidos.

É por ese motivo polo que compre unha explicación en sede Parlamentaria e á sociedade galega, do labor do Executivo de Feijoo durante o gran incendio que devastou o Parque natural das Fragas do Eume co fin de garantir a defensa do territorio, das persoas e dos seus bens.

Diante desta situación, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno:

O Pleno do Concello Ares insta ao Goberno galego a:

1.^a) Diseñar e implementar de xeito urxente un Plan especial de restauración medioambiental das Fragas do Eume, en colaboración con concellos, veciñanza e organizacións conservacionistas, agrarias e forestais, coa suficiente dotación económica, que permita optimizar os recursos europeos e contribúa á recuperación e rexeneración das zonas devastadas polos lumes con criterios de sostibilidade e aproveitamento multifuncional, que incluírá, entre outras, as seguintes medidas:



a) Elaborar un informe de avaliación e valoración dos danos causados polos incendios forestais, indicando a superficie calcinada, a titularidade da propiedade e as competencias de xestión das zonas afectadas.

b) Avaliar os danos ecolóxicos e ambientais e dar a coñecer ao conxunto da cidadanía toda a información obtida para promover unha maior conciencia ambiental acerca dos impactos que causan cada ano os incendios en Galicia.

c) Levar a cabo accións urxentes e efectivas co fin de evitar a erosión e as escorrentías, priorizando aquelas zonas de mato máis dañadas e con maior pendente, utilizando para elo preferentemente a palla como método máis rápido cas herbáceas.

c) Publicar de xeito urxente liñas específicas de axudas dirixidas aos propietarios afectados co fin da restauración e a rexeneración das zonas dañadas polos lumes.

d) Executar as obras de restauración de infraestruturas rurais e caminos, así como de restauración de vías verdes e apoiar medidas de prevención de pragas e de retirada da biomasa forestal queimada.

e) Deseñar liñas específicas de axudas dirixidas a propietarios e titulares do monte e aos concellos, co fin de apoiar medidas de desenvolvemento rural e de mantemento das actividades agrogandeiras e forestais a través da posta en marcha de prácticas agroambientais compatibles coa conservación dos espazos naturais protexidos, tal que permita incentivar as externalidades positivas do espazo natural protexido no Parque Natural Fragas do Eume."

Toma a palabra o Voceiro do PSdeG-PSOE Sr. Fernandez Lago, o motivo evidentemente foi polo tema incendio nas Fragas do Eume, dando lectura á proposta de acordo.

Interven o SR. Alcalde manifestando que hai unha moción do BNG que máis ou menos dicimos o mesmo.

Toma a palabra o voceiro do PP SR. Manuel Cendán Fernández, con respecto a esta Moción na Deputación Provincial teño aquí o acordo que aprobachedes o 10 de abril que é un manifesto dos tres grupos políticos por unanimidade e se varían das mocións ó acordo Plenario de manifesto se cambian os puntos pero están recollidas textualmente as dúas mocións.

Sr. Alcalde: ¿votamos a da Deputación Todos e retiramos as Mocións do PSOE e do BNG?.

Sr. Alcalde os acordos son os seguintes:



“1.- Condenamos la acción de los incendiarios que provocan fuegos por motivos que nunca seremos capaces de entender. Porque atentar contra nuestros montes es atentar contra nuestra vida, contra nuestro modo de vida, y en muchas ocasiones, contra nuestro MEDIO DE vida. No queremos que haya impunidad por los culpables directos o indirectos, de este incendio, si es que existen.

2.- Nos sumamos al lamento por la pérdida ambiental también económica que supuso Y SUPONDRÁ el incendio en el PARQUE NATURAL DEL EUME tanto para los propietarios de los montes quemados como para todos los gallegos. Porque el parque natural ES PATRIMONIO DE TODOS Y NO SOLO DE UNOS POCOS. Con ellos está nuestra solidaridad.

3.- Demandamos de la Xunta de Galicia, como administración con plenas competencias en materia de prevención y extinción de fuegos forestales, la aclaración de las causas que motivaron los fuegos que afectaron en los pasados días al Parque Natural de las Fragas del Eume, así como los datos reales de la afectación de los mismos al territorio y una información detallada de las consecuencias ambientales, económicas y sociales de este incendio. En paralelo, urgir que se definan las medidas previstas para que el proceso de erosión y arrastres que se pudiesen producir en el caso de lluvia no deriven en un proceso de contaminación para el río Eume y la Ría de Ares.

4.- Solicitar que, con carácter de urgencia, se comience a la elaboración de un plan de recuperación de esta zona que parta de la filosofía de la implicación real de la población afectada en el proceso de puesta en valor del singular patrimonio natural existente, así como la aprobación del Plan Rector de Uso y Gestión de los Bosques del Eume, con compromisos de actuación e inversiones concretas, que conviertan el proyecto en una oportunidad para la zona.

5.- Demandar del Gobierno del Estado que, a la vista de la singularidad y valor de las Fragas del Eume, implemente fórmulas de colaboración para el proceso de recuperación de la zona, siempre bajo los criterios de lo expresado en el apartado anterior.

Sometida a votación a presente propuesta é aprobada por unanimidade.

Retirándose lóxicamente as Mocións A e C.

B) BNG “MANTEMENTO DO SERVICIO DE AXUDA DO FOGAR”.

Dase conta da Moción do O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis ñas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos, a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.ión do Grupo Municipal do BNG que seguídamente se transcribe:

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación



familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia *Va\orada e con* dereito pero que *non teñen o acceso ao Servizo* de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das *súas* competencias para impoñerlle aos Concellos que ponan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**



- a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar *un* financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- b) Contribuir economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do *Servizo* de Axuda no Fogar.
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP. “

Interven o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, quen da lectura as proposta de acordo.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: Nos dicir que no argumentario da moción unha vez máis se critica o Decreto dunhas cousas que non son certas, non nos vamos a poñer ahí, ademáis hai unha Lei que a Deputación ten que cumprir a parte da Xunta de Galicia, que así o marcan os artigos da Lei 5/1997 que marca a normativa, entonces nos presentamos a seguinte proposta:

Instar á Xunta de Galicia a que continue financiando o servizo de axuda no Fogar para persoas con dependencia e os traballadores de referencia na Area Social en todos os Concellos de Galicia, e axilizar o funcionamento destes dous apartados co fin de mellorar a capacidade económica das Administracións Locais, así como garantir naqueles concellos que superen os 20.000 habitantes ou aqueles que coordinando servizos sumen máis de 20.000 habitantes o financiamento do servizo de axuda no fogar básico.

Toma a palabra o Sr. Alcalde: Unha puntualización, haber a Moción do BNG é para manter o servizo de axuda no Fogar o básico, e o que dí o PP e para os dependentes.



Sr. Manuel Cendán: O Segundo punto porque se modificou o Decreto e para instar e obrigar á Deputación a que cumpra suas obrigacións que ten por Lei, non soa mente a Xunta, a Deputación nos Concellos de menos de 20000 habitantes según os artigos da Lei ten obrigación e entónces por eso pedimos: "Instar a Deputación de A Coruña a cumpra o establecido na Lei 5/1997 de 22 de xuño de Administración Local de Galicia e na Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servicios Sociais de Galicia, prestando apoio técnico económico e xurídico os Concellos para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materia de servizos sociais comunitario asimismo deberá manterse a necesaria colaboración entre a Xunta e Deputación asegurando a Deputación de A Coruña o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar básico, e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais, comunitarios básicos, con perfiles profesionais diferentes e complementarios ó do traballador social, de referencia para as Corporacións Locais dos Concellos de menos de 20.000 habitantes.

Quere dicir que a Xunta o que fai co Decreto primeiro, colle a súa responsabilidade e a súa competencia que é o que dixo o Sr. Alcalde e a segunda obrigar á Deputación que cumpra coas súas obrigacións que veñen reflexadas neste Decreto, quero dicir que non se vai a quitar nada senón que o fai o Decreto é obrigar as Deputacións a que cumpran coas súas obrigacións, non vai a recaer todo na Xunta de Galicia cando as competencias neste ámbito nos Concellos de menos de 20.000 habitantes, a competencia e obrigación a ten a Deputación Provincial, esa é a situación non hai ningún cambio nin nada, o único que fai a Xunta é esixir á Deputación a que cumpra coas súas obrigacións.

Interven o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Mesias Farías: Esta emenda ven aquí a defender o Decreto da Xunta, se desentende por completo dos Servizos Sociais comunitarios nos Concellos de menos de 20.000 habitantes, e en especial desto do Servizo Social básico de axuda no fogar, no mellor dos casos os Concellos estarían obrigados a financiar estes servizos e os usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos que o servizos desapareza e so se mmanteña para persoas dependentes coa prestación asignada nos seus plans



individuais de atención. Polo tanto esta emenda so pretende desviar a atención da responsabilidade que ten o goberno do PP na Xunta de Galicia no desmantelamento dos Servizos Sociais comunitarios cando a responsabilidade nos entes Locais outra vez ven sexan deputacións ou Concellos sen ter concertado ou consensuado nada ó respecto e a proba de que pretenden desprenderse dos servizos sociais, son os continuos recortes orzamentarios neste eido, hai unha deixadez total de responsabilidades, e logo cargaelles o custe a outras administración menores e os usuarios e usuarias, polo tanto en total subrealista e cenica a proposta que fai o PP, xa que hai que ter en conta que o Decreto castiga os usuarios e usuarias dos Servizos Sociais tanto a persoas dependentes como a outras colectivos que se lle vai aumentando o pago, polo tanto nos rexeitamos a emenda do PP.

Sr. Manuel Cendán: Se parte dunha falsedade e absolutamente mentira de que a Xunta quere facer iso, e proba evidente, que hai competencias, a Lei 5/1997 di que son competencias das Deputacións Provinciais as seguintes: Coordinación dos servizos municipais, prestar asistencia económica xurídica e técnica os municipios que teñan menor capacidade económica e de xestión; prestar servizo público de carácter supramunicipal. Artigo 10 as Deputacións Provinciais aprobarán o Plan tal tal....., o Plan deberá conter unha memoria xustificativa, artigo 111 as Deputacións Provinciais participarán activamente na colaboración e xestión dos Plans desenvolvemento comarcal.

Sr. Alcalde, mira están fixadas as posicións, a meu entender coomo posición de Grupo, a Xunta de Galicia se desentende da prestación básica de axuda a domicilio, e se desentende de maneira unilateral e efectivamente lle carga o morto as Deputacións, a Deputación de Ourense dixo que non, a Deputación de Pontevedra dixo que non, e a Deputación de A Coruña meteu nos orzamentos novecentos mil euros que non chegan para nada, entón o final o vamos a comer os Concellos, nos estamos comendo un tercio da Dependencia e nos vamos a comer o 60% da prestación básica, porque se supón que o outro o van a poñer os usuarios os que por certo a Xunta lles acaba de modificar o tramo de renda que según Decreto incrementa o custe, entón a



situación e fastidiada Manuel, o final todos nos ven enriba a nos.

Sr. Manuel Cendán: Eso o ten que asumir a Deputación que é competencia.

Sr. Alcalde: Non o vai a asumir que non chega a nada. A Xunta fixo unha delegación de competencias sen transferencia económica, as trasferencias non son así, eu me sento contigo e se me queres dar unha competencia me terás que dar algo de medios.

Sr. Manuel Cendán: Cando eu gobernaba aprobamos a taxa e non a cobrábamos e nos chamaron a atención, a quitamos dos orzamentos e nos chamaron a atención e nos esixiron que a tiñamos que meter porque eles tiñan competencia. E nos esixiron a nos porque nos daban diñeiro e nos esixiron que a tiñamos que volver a aprobar. Entonces teñen competencias quere dicir que eu tamén reivindicuei, non poden caer todos os servicios nos Concellos, e as Administracións cada unha ten que aguantar coas suas competencias.

Sr. Alcalde dirixíndose o Sr. Manuel Cendán ¿mantes a emenda).

Sr. Manuel Cendán: Si a manteño esta claro que é unha competencia da Deputación que quite o diñeiro de onde lle de a gaña.

Acto seguido sometese a votación á emenda do PP, e o Pleno da Corporación por 4 votos a favor do Grupo Municipal do PP, 8 votos en contra (6 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL, acorda rechaza-la emenda.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 8 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG) 4 votos en contra do Grupo Popular e 1 abstención de NAL, acorda prestarlle a súa aprobación.

C) BNG “FRAGAS DO EUME”.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG, que seguidamente se transcribe:



MOCIÓN SOBRE AS FRAGAS DO EUME

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes que vén de afectar ás Fragas do Eume nos últimos días deixa en evidencia os resultados dunha política forestal promovida desde o goberno galego que non só resulta ineficaz, senón mesmo regresiva a respecto de pasos que se tiñan dado no seu momento, quer no aspecto da prevención, quer no da actuación específica fronte ao lume.

Resulta certamente inexplicábel que a estas alturas e, máxime logo da seca que vimos a padecer -cunhas condicións de temperatura e humidade que son un excelente caldo de cultivo **para a** proliferación de incendios- non se teña activado ao cento por cento o dispositivo que lie compete á Xunta de Galiza. Estamos, pois, perante unha clara mostra de irresponsabilidade política.

Unha situación á que, como dixemos, hai que engadir o retroceso que suponen os recortes ñas medidas de prevención levadas a cabo por parte do actual goberno galego, que desde a chegada á Xunta do Presidente Feijóo, ten deixado de investir máis de 20 millóns de euros nesa materia.

A isto compre engadir a desaparición daquelas medidas que foran postas en marcha co obxectivo de implicar á poboación do medio rural ñas políticas preventivas, que constitúen o verdadeiro garante de que a política contra o lume sexa efectiva. Falamos, naturalmente, da desaparición das agrupacións veciñais para a vixilancia do monte, do voluntariado ou das achegas para fomentar as cuadrillas de comunidades ou para desbroces dos montes veciñais. En definitiva, da práctica anulación das iniciativas que poidesen incidir na valorización do monte máis aló da produción forestal.

Pola contra, acreditamos que o mellor xeito de incidir na prevención de incendios forestais é precisamente conseguir un monte polifuncional e vivo, procurando a valorización



de todas as súas potencialidades e, fundamentalmente, facendo eixo principal a participación activa da poboación rural neste proceso.

O caso das Fragas do Eume resulta verdaderamente paradigmático desta situación por canto, ao noso xuízo, o feito de que logo de quince anos de declaración de Parque Natural non se teña operativo o Plan rector de uso e xestión -no que se inclúan as actuacións específicas que leven á implicación da poboación da zona no proceso- teñen contribuído a fomentar desencanto e frustración *fronte* ao que debería de ter sido unha oportunidade para o desenvolvemento económico da zona.

Neste sentido, o Grupo Municipal do BNG propon ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Demandar da Xunta de Galiza, como administración con plenas competencias en materia de prevención e extinción de lumes forestais, a aclaración das causas que motivaron os lumes que afectaron nos pasados días ao Parque Natural das Fragas do Eume, así como os datos reais da afectación dos mesmos ao territorio e una información detallada das consecuencias ambientais, económicas e sociais deste gravísimo incendio. En paralelo, urxir que se definan as medidas previstas para que o proceso de erosión e arrastres que se poidesen producir no caso de choiva non deriven nun proceso de contaminación para o río Eume e a Ría de Ares.**
- 2.- Solicitar que, con carácter de urxencia, se comece á elaboración dun plan de recuperación desta zona que parta da filosofía da implicación real da poboación afectada no proceso de posta en valor do singular patrimonio natural existente; así como a aprobación do Plan rector de uso e xestión das Fragas do Eume -con compromisos de actuación e investimentos concretos- que convertan o proxecto nunha oportunidade para a zona.**
- 3.- Demandar do Goberno do Estado que, á vista da singularidade e valor das Fragas do Eume, impíemente fórmulas de colaboración para o proceso de recuperación da zona, sempre baixo os criterios do expresado no apartado anterior.**

Retírase a presente Moción o resultar aprobado anteriormente a Declaración da Excm. Deputación Provincial.



BNG “COMPLEMENTO DO PROXECTO PARA ABASTECIMENTO DE AUGA A CERVÁS”.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo dun longo proceso de demandas, tanto dentro da corporación como por parte da cidadanía, hai algúns meses daban comezo as obras de dotación de abastecimento de auga á parroquia de Cervás, executadas por conta da Consellaría de Medio Ambiente e Infraestruturas da Xunta. Este proxecto non só estaría dirixido a dotar de abastecimento a Cervás e Lubre senón tamén a facer operativa a rede de abastecimento que xá foi executada en Chanteiro; toda vez que a mesma se abastecería dun entronque en Cervás.

A pesar de que en todo momento o proxecto presentouse como unha obra completa, no sentido de que deixaría a rede lista para a conexión das vivendas, o certo é que a medida que as obras están a executarse evidenciase que ñas mesmas non se inclúen as arterias que deberían de servir de conexión nos diversos lugares e que permitirían, en definitiva, que os fogares da parroquia dispuxesen deste servizo básico.

Sen entran en consideracións sobre as razóns que poideron levar ás carencias do proxecto, o certo é que faise preciso articular solucións urxentes para complementar esta actuación, evitando o paradoxo que poidera darse ao dispor da rede e, sen embargo, non poder abastecerse da mesma.

Nese sentido, desde o Grupo Municipal do BNG propomos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1.- Elaborar con carácter urxente o proxecto técnico que permita complementar as actuacións que se están a levar a cabo para o abastecimento de auga a Cervás, executando as arterias correspondentes para a conexión á rede en todos os lugares da parroquia.**
- 2.- Articular no seo da Comisión de Facenda os mecanismos que permitan a procura do financiamento para a execución da obra con carácter urxente.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde: en consecuencia o proxecto que está executando Augas de Galicia é o proxecto matriz e faltan efectivamente unhas ramas que loxicamente teñen que executar, ben o concello cos seus propios medios, eu ben loxicamente cun POS, ou solicitando



que augas de Galiza tamén o asuma. En consecuencia ten a palabra o voceiro do BNG para expoñer os puntos de acordo.

Interven o voceiro do BNG Sr. Fernandez Permy: Como ti ben decías Julio o proxecto estamos executando non leva auga a todos os veciños, dando seguidamente lectura a proposta de acordo.

Toma a palabra o Voceiro de NAL SR. Luis Cendán: Eu estou de acordo basicamente en darlle este servizo, en canto o punto primeiro, que se redacte o proxecto, non sabemos a contía e esta é a miña opinión, seguramente que no orzamento ten encaixe, en canto á obra en sí eu non sei os cauces de financiamento si e a través dun POS se é a Xunta.

Sr. Alcalde o tema e o seguinte, se nos imaxinamos a zona de Cervás, ata a Porta de Seixas, imaxinamos todas as casas que hai, máis a construción dos depósitos, porque se trata de evitar o consumo de enerxía eléctrica, se vai por impulsión cada vez que abre o grifo un veciño de Cervás e Chanteiro funciona a bomba, entón imaxinaros cada vez que se abren os grifos o consumo eléctrico, entón se fan unhs depósitos pola noite se bombean, e logo se serve a auga por gravidade, e dicir cada vez que abres o grifo non entra en funcionamento ningún bombeo porque cae pola súa gravidade porque os depósitos están na zona máis alta de Cervás con o que con eses depósitos se pode dar auga por gravidade e todo Cervás a todo Chanteiro e a Lubre, encontrocando coa conexión de auga do Colexio, porque hai un tubo de retroceso que nos reforza efectivamente a presión en todo o Concello, entón cando se fai ese proxecto Augas de Galicia di seiscentos mil euros nada máis, entón facemos os depósitos, o ramal principal que colle todas as casas entre A Louseira e Porta de Seixas, que quedan cinco ramais nas rúas paralelas de Cervás, que é un proxecto cuia contía estimamos en dous quilómetros de tubo e en función dos costes de outras obras similares estimamos en cen mil euros, e dicir non quedan nin cen mil euros, ti sabes que cando vas a un sitio de dan o que hai. Ben en principio non daban nada, sabedes que a este proxecto Augas de Galicia en principio dixo que non, e logo por pedir nos diron seiscentos mil euros, quedaron cen mil euros de obras e eu o asumín, pois por exemplo da POS para facelo, tamén podemos volver a Augas de Galicia a pedilo, hai diferentes formulas, que pasa, que hai que facer o proxecto que xa está encargado e hai que ver como o executamos. O mellor e quizás e asumir nos a obra, temos pala e abrir e tirar tubo, entón ata poderíamos asumir nos a obra, pero bueno lóxicamente se trata lóxicamente de levar a extensión de red a Piru, a A Torre, a cinco ou seis sitios de Cervás, onde efectivamente o diñeiro que deu Augas de Galicia, claro ti tes que elixir que fas con seiscentos mil euros, eu nese momento decidín facer o máis importante que son os depósitos para que Chanteiro tamén teña auga, e o ramal principal que conecta coas nosas tuberías en Porta de Seixas, para reforzar a liña de Ares e permitir meterle auga a Loureiros pola gravidade, que pasa que os ramais secundarios, pois hai que executalos cun POS, e entón este é o tema.



Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Eu fundamentalmente Alcalde estou de acordo co que se está expoñendo aquí, o problema é o que hai, nos gustaría ter a financiación seguramente se buscará unha solución dunha maneira ou doutra, e encanto pase á Comisión de Facenda, ou de Obras dame igual, habendo vontade eu creo que todo o mundo estamos de acordo a financiación e os recursos son os que son, a obra se pode executar ata un punto, e antes sabedes que este tipo de obras incluso ían en fases, había que adaptarse. Os orzamentos se están aprobando hai unha partida para proxectos, polo que non sería problema o proxecto, o proxecto di o Alcalde que se está facendo, e en canto a buscar a financiación se non é a municipal pola contía é a través dun Plan ou se o da a Xunta mellor que mellor.

O Sr. Alcalde dí que é mellor lévalo a unha Xunta de Voceiros e alí definir como se enfoca.

Interven o Sr. Manuel Cendán: Aquí xa pasou cando foi o saneamento de Chanteiro, sabes que polo temas expropiacións estaba metido nun POL, houbo que facer as obras de Cervás porque si nón, se faciamos a de Chanteiro como nos retrasou o tema das expropiacións houbo que facer primeiro a de Cervás, que pasou que nos nun Pleno se aprobaron as expropiacións e se aprobou o proxecto, chegamos a un acordo na Corporación por unanimidade, na cal se non hai partida presupuestaria, neste caso se non hai contía económica para poder facer a obra, o compromiso do Pleno que calquer subvención via Xunta de Galicia via Goberno Central a primeira axuda económica para unha obra se prioricen estas obras eso o fixemos co tema de Chanteiro e creo que o podemos facer aquí de compromiso que no momento que chegue a primeira axuda ou partida económica que o Concello poida acceder que poida executar a obra ben e senón que a primeira axuda económica de calquer administración se destine a esta obra.

Sr. Alcalde: En calquer caso cando se acometeu o de Chanteiro era so o saneamento, había un proxecto que era so de Saneamento, pero a EDAR non tiña nada aínda, entóns aproveitando que os da EDAR tiñan que pasar por aquí e pedir os apretamos, entóns augas de Galicia meteu o saneamento o abastecemento e as acometidas, meteron todo porque tiñamos capacidade de presionar, cando xa empezou a EDAR e xa tiveron todo eu o abastecemento de Cervás e ahí nos dixeron que non, claro o único que querían darnos era diñeiro para os depósitos, porque sen os depósitos non tiña auga Chanteiro pero non querían darnos nada máis, houbo presións veciñais, houbo presións políticas e o final o Conselleiro puxo enriba dunha mesa seiscentos mil euros, entóns nos deu para onde nos deu, entóns ramais secundarios quedaron fora, e xa non tiñamos capacidade de presión, ahí xa a cousa era menor, pero como sabedes estes abastecementos non sole pagalos Augas de Galicia, estes abastecemento Augas de Galicia concede a financiación e ti tes que asinar un convenio con augas de Galicia onde a financiación logo a reportas subindo o recibo da auga, sabedes que as extións de rede se financiación con cargo ó recibo do auga, e polo menos non asinamos eso, e dicir, os seiscentos mil euros, nolos diron gratis total, e dicir non nos fixeron a segunda parte



de repercutir a amortización no recibo, conseguimos a obra gratis total, agora nos fallan cen mil euros para rematala, e chega un momento no que a loita tes que dicir para, tes que coller o que te dan ou quedarte sen nada.

Sr. Manuel Cendán: dicir que non é así, o proxecto de Saneamento de Chanteiro, en principio se fixera para Saneamento, despois no 2006 se fixo o proxecto que se xuntou, lle metimos a auga, o que pasa que non querían asumir a contía.

Sometido a votación a Moción o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte antes de entrar no turno de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde-Presidente preguntase os voceiros se teñen algunha proposta para someter á consideración do Pleno pola vía de urxencia, non presentándose ningunha.

Punto núm. 12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farias: Respecto as Resolucións, resolución 55-12 aprobar taxas gas natural, ¿esta ben o importe de 1,33 euros?.

Resposta o SR. Alcaldle que si que están ben, porque non houbo suministro so puxeron o tubo, aínda ninguén ten o gas natural na súa casa, e a taxa é por metro cubico servido, de momento non hai circulación de gas, están so os tubos.

Sr. Mesias Farias, resolución 69-12 saldos de dubidoso cobro, ¿de que se trata, e se están ben as cantidades?.

Respota o Sr. Alcalde, é unha porcentaxe de risco, non se aplica a impagos concretos, simplemente se ten a experiencia, de que en todos os exercicios hai un volumen de risco, e entónces o calculamos a ollo, sempre hai unha porcentaxe de risco xenerico.

Sr. Mesias Farias, resolución 73-12, un acordo de 2008 por dous anos do préstamo do coche, e do 2008 por dous anos suponse que non hai renovación.

Resposta o Sr. Alcalde, non suponse que efectivamente hai prorroga.

Sr. Mesias Farias, nos oponinamos que debería deixarse sen efecto o acordo de préstamo porque é un lastre para o Concello, o manteniemento do vehículo, o parque móvil do Concello opinamos que é grande.



Resposta o Sr. Alcalde, si pero cando se fixo este préstamo non había, en consecuencia nin había coche da Policía que era un ZX que daba asco, non había o todo terreo non había nada. Efectivamente cos dous talleres de emprego, o Director do Taller de emprego que necesitaba un coche, o coordinador que tamén ten que ir a ver as obras en coche, cando había o taller de emprego este coche o usaba o director, baixamos abaixo e o vemos e comprobamos como está.

Sr. Mesias Farias, Resolución 75-12, abono de retribución económica por importe de 1500 euros, a pregunta ¿canto tempo lle levou o traballo? e ¿de que maneira se calculou o importe a pagar?, esto ben a colo do traballo que fixo unha funcionaria do Concello de Mugardos.

Sendo as doce horas e trinta e tres minutos retirase a Concelleira D^a Josefina Martínez Martínez.

Resposta o SR. Secretario, estivo casi duas semanas, polas tardes aquí connigo e con Carmen e o fin de semana na sua casa. Porque o Plan de Axuste non é facer a memoria, son moitos detalles que pide o Ministerio, é un libro completo.

O SR. Alcalde: O Sr. Secretario vai a Cedeira, e é algo que se fai en picos de traballo, e o ¿calcula como é?.

Resposta o Sr. Secretario, que o calculo normal, duas semanas polas tardes, fines de semana, un calculo razonable,.

Sr. Alcalde: se negocia con ela canto cobraría e listo.

O Sr. Mesias Farias, se non había outra persoa no Concello que poidera facer ese traballo.

Resposta o Sr. Secretario, que non, que non había.

O SR. Mesias Farias, pregunta pola Resolución núm. 79-12 , informe favorable do nomeamento en réxime de acumulación do Sr. Secretario, ¿Cómo e canto vai a repercutir ó Concello de Ares a conformidade da prestación de servizos?.

Resposta o Sr. Alcalde: en nada por que é polas tardes.

Sr. Mesias Farias, pero eú un día fun arriba a falar co Secretario, e me dixeron qu ía a Cedeira.

Resposta o Sr. Alcalde: Collería ese día como asunto propio.



Interven o Sr. Secretario para aclarar: Tal e como fixen nas Pontes hai dous anos, cando vou a Cedeira pola mañá, vou collendo días de asuntos ou de vacacións, senón vou polas tardes.

Sr. Mesias Farías, esto von a colo do outro tema, estamos pedindo unha persoa de fora para que nos faga o traballo aquí porque non somos capaces de facelo, e resulta que a persoa que tería que facer aquí o traballo se permite ir a outro lado.

Sr. Alcalde, estas moi equivocado o que veu a facer a de Mugardos, foi un traballo moi específico.

Sr. Mesias Farías, foi un traballo que podía facer o Secretario.

Sr. Alcalde, en calquer caso, as potestades de auto organización me corresponden a mín, e nese sentido de garantizo que para facer o Plan de Axuste o Sr. Secretario non foi a Cedeira para nada, estivo aquí, o Plan de Axuste tiña data, antes desa data había que ter todo listo e este home estivo todas as horas de todo o día, e necesitouse axuda, e o de Cedeira é despois.

Sr. Mesias Farias, eu non digo que fora a Cedeira, eu digo que o Sr. Secretario igual que o BNG leva catro anos reclamando unha praza de Interventor, neste Concello porque non da feito o chollo, eso é o que digo, e a proba está en que tivemos que recurrir a unha persoa de fora porque no Concello non se puido facer.

Sr. Alcalde, perdoa se tivo que recurrir a unha persoa de fora, porque antes dunha determinada data se tiña que ter feito moito traballo e foi imposible ter efectivamente nesa data todo o traballo feito, e unha cuestión de que tes un prazo e punto.

SR. Mesias Farias, Resolución da Alcaldía núm. 80-12 de que demanda se trata.

Resposta o Sr. Alcalde que non o sei, pois non o sei.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán: eu algunhas xa as respostaches, pero sí deixar unha puntualización no tema do abono de retribucións ó Plan de Axuste este, me parece que por parte dos Servicios Técnicos Municipais este Plan de Axuste por toda a documentación que eu vin non era tan difícil de facer, e o que me chama a mín a atención e que ven a Interventora de Mugardos que non ten experiencia en facelo, porque Mugardos non o pediu, me extraña esto, e digo eu ¿non hai aquí xente capacitada?, a vista do mesmo, porque eu o tiven nas máns o Plan de Axuste, eu creo que subir os impostos, baixarlle os salarios á oposición e catro cousas máis, subir os vehículos, facer eses números non creo que sexa tan difícil, subir un 45% os vehículos, baixar o tal, eu creo que aquí hai xente cualificada a parte do SR. Secretario, xa non



vou dicir que ten que facelo o Sr. Secretario-Interventor, pero que ten que haber xente cualificada neste Concello para facer ese Plan de Axuste, entonces apaga e vamonos.

Sr. Alcalde perdoa Manuel, é unha diferenza na Liquidación esta chica traballou aquí no Concello, e cando se foi dí que lle debemos 400 euros.

Interven o Sr. Secretario, Manuel o Plan de Axuste non o tedes aquí as catro follas, son dúas mil ou tres mil follas, que están en soporte informático, aquí veñen catro follas o que ves pero son 2000 ou 3000 que hai que cubrir, eu máis non podo facer.

Sr. Manuel Cendán, vai unha Resolución 97-12, que é un tema persoal meu que houbo unha Asociación de distribuidores de Gas-oil, que pediu unha documentación por meu expediente se fai unha resolución e se lle da.

Sr. Alcalde, Manuel ti como Concelleiro non podes intervenir en asuntos que te afectan.

Sr. Manuel Cendán, teño que intervenir.

Sr. Alcalde: E un tema particular teu.

Sr. Manuel Cendán: espera porque eu me vexo atropellado, e vou a dicir porque, vexo a mala fe, e teño que decilo aquí, a ese señor se lle fai unha Resolución para que teña acceso á documentación, ó expediente meu un tema persoal, pero é que eu con data de 20 de xaneiro solicitei o escrito desa empresa, que é fun o perxudicado o interesado, e a mín por parte do Concello non se me da, pasan tres meses que é o que marca a Lei e non se me resposta, e en cambio a esta persoa, un expediente privado dunha persoa e se lle da, se fai unha Resolución.

Sr. Alcalde, eu é a primeira vez que vexo a un Concelleiro intervindo en asuntos propios, é increíble o que chegas ti, non podes intervenir en temas que te afectan como Concelleiro tes que absterse.

Sr. Manuel Cendán, eu non estou aprobando ou denegando nada, estou preguntando, estamos en rogos e preguntas e estou preguntando, e a esta empresa se lle da acceso a meu expediente e en cambio que solicito o que pide no expediente que é obrigación por Lei dalo, e a mín non se me contestou, aquí tes o papel, leeo en público a mín dame igual.

Sr. Alcalde, entonces hai alguen que pide información destó, e ti solicitas copia do que solicita información destó.

Sr. Manuel Cendán, claro que saber eu quen pide información dun expediente meu.

Sr. Alcalde, e na Resolución non pon quen é.

Sr. Manuel Cendán, a vexo no Pleno a mín non se me respostou a este escrito.



Sr. Alcalde-Presidente, na Resolución non ves quen é.

Sr. Manuel Cendán, eu ese documento teño que lévalo o Xulgado.

Sr. Alcalde, ti que solicitas saber quen, que solicitas.

Sr. Manuel Cendán, a copia do documento, que xa o tiñas que dar no momento, e me toreaches, e tiven que pedilo por escrito, e pasaron os tres meses.

Sr. Alcalde, eu desto non falei contigo para nada, eu non te toreí para nada, é a primeira noticia que teño desto, connigo desto non falaches para nada, eu non estou atento a todos os papeis que se presentan aquí.

Sr. Manuel Cendán, para facer esta resolución si houbo tempo.

Sr. Alcalde, que resolución é.

Sr. Manuel Cendán, é a 97-12.

Sr. Alcalde, haber resolución dando lectura á mesma.

Sr. Manuel Cendán, aquí se fai a resolución para el, e non se fai a miña, eu entendo que ti non estas para todo, pero si se fixo esta resolución para el, hai que facer outra para mín, dándome acceso á documentación desde señor, eu teño que saber quen se interesou por meus temas, e se teño que proceder xudicialmente contra el.

Sr. Alcalde, bueno a solicitude deste señor que se te enseñe, e non pasa nada.

Sr. Manuel Cendán, teño dúas preguntas máis, unha é a obra que está parada na Praza da Constitución. E outro é un rogo que espero que tomes medidas, non sei se te fixaches pero eu si, que é na entrada e saída do Concello cando foi a Semana Santa, colocouse un cartel onde esta o mostrador, onde esta Patricia, se colou un papel e se tivo alí 15 días o papel pintado por unha persoa do Concello, pintado con cornos e rabo, e se mantivo hai 15 días na porta do Concello, eso é lamentable, e que o fagan fora, non me parece ben, pero que se manteña ahí durante dúas semanas, estaba por debaixo do mostrador pegado, e un con rotulador negro, lle puxo cornos e rabo as imaxes da Semana Santa, e estivo dúas semanas ahí, e eso tiña que fixarse alguen porque entrabas e saías e daba mal efecto, eu digo que non estivo un día nin estivo dous, estivo as dúas semanas. Eso hai que estar pendente, que hai xente que esta traballando na Semana Santa e que vexa que non Concello hai un papel deses e se mantén durante dúas semanas.

Sr. Alcalde, Manuel esto é un aburrimiento, fas o rogo, te respostas ti, e fas todo chico, te estou dicindo que eu non vin o cartel, e eu non o consintiría,.



Sr. Manuel Cendán, pero porque o pregunto, porque sei que non fixachedes a maioría de vos, que entrabades e non vos fixabades nel.

Sr. Alcalde Presidente, con respecto á Praza da Constitución, a obra ten o seu prazo de execución, a obra se adxudica e ten un prazo de execución, e a empresa se esta loxicamente ceñíndose ó prazo de execución, esa obra está en prazo, entón esta en prazo e vai facendo alí e vai facer a outros sitios, ti sabes como está agora a situación económica e se trata dunha empresa que efectivamente está nun ERE e manteñen os homes contratados alargando o traballo, entón se está dentro do prazo de execución eu non lle podo chamar a atención,.

Sr. Manuel Cendán, eu estou preguntado o motivo.

SR. Alcalde resposta que a empresa ten un ERE e manteñen os traballadores que ten a costa de ir alargando o traballo, entón unha vez que remate a praza da constitución ten que ir a facer o contenedor soterrado da Praza de Chanteiro, e vai mantendo os homes que ten alargando o traballo, si remata as obras en dous meses, pecha, manda a todos á rúa. Entón está dentro do prazo de execución; si, pois mentres este dentro de prazo organización eles o traballo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e cincuenta e un minutos do día ó comezo sinalado levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,